

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONCELLO PLENO DO 03.03.2016

No salón de sesións da Casa Consistorial do Concello de Fene (A Coruña), cando son as 18.02 h do 03.03.2016, baixo a presidencia do alcalde Juventino José Trigo Rey, reúnese, en primeira convocatoria, o Pleno do Concello ao obxecto de realizar a sesión ordinaria convocada para hoxe.

Asistiron os/as concelleiros/as:

Gumersindo Pedro Galego Feal, Rocío Aurora Bértoa Puente, Juan José Franco Casal, Juana Barro Couto, José Andrés Serantes Paineiras, Alejandro Jorge Gutiérrez Sánchez, Ana María Novo Picos, Alejandra Permuy Meizoso, Justo Martínez Ardá, María Manuela Aguilar Prieto, Antón Lois Noceda Carballo, Joaquín Julián Ayala Garrido, Amalia García Balado, Xoán Manuel Rodríguez Bastida, César Daniel Castro García e María del Carmen Martínez Rodríguez

Secretaria:

Estefanía Manteiga Lamas

Interventora:

Marta Roca Naveira

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido segundo o artigo 90.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, declara aberta a sesión e procede ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

**1. Aprobación, se procede, das actas da sesión ordinaria do 04.02.2016 e extraordinaria 11.02.2016**

Ao non presentar ningunha obxección, decláranse aprobadas as actas da sesión ordinaria do 04.02.2016 e extraordinaria do 11.02.2016.

**2. Dación de conta das Resolucións da alcaldía dende o número 31/2016 á 152/2016**

Os concelleiros danse por informados.

**3. Dación de conta do período medio de pagamento global aos provedores e do informe sobre o cumprimento das previsións das medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, correspondente ao 4º trimestre do 2015**

Os concelleiros danse por informados.

**4. Dación de conta do informe de intervención sobre as abrigas de subministro de información previstas no artigo 16 da Orde HAP/2015/2012, do 1 de outubro, pola que se desenrolan as obrigas de subministro de información previstas na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira, correspondente ao 4º trimestre do 2015**

Os concelleiros danse por informados.

**5. Aprobación, se procede, da cuantificación dos dereitos de difícil ou imposible recadación do exercicio 2015**

Consta no expediente a seguinte Proposta da Alcaldía que foi ditaminada favorablemente na sesión ordinaria da Comisión Informativa de Dinamización Económica do 22.02.2016 por 4 votos a favor (2

do grupo municipal do BNG, 1 do grupo municipal socialista e 1 do grupo municipal Somos Fene) e 4 abstencións (3 do grupo municipal do PP e 1 do grupo municipal mixto):  
"PROPOSTA DA ALCALDIA

ASUNTO.- DETERMINACION DOS DEREITOS DE IMPOSIBLE OU DIFÍCIL RECADACION, EJERCICIO 2015.

Logo de ver o informe- proposta da Intervención municipal de 18.02.2016 en relativa á determinación dos dereitos de imposible ou difícil recadación no exercicio 2015 e que transcrito di:

"INFORME- PROPOSTA DE INTERVENCION  
ASUNTO.- PROPOSTA DE DETERMINACION DOS DEREITOS DE IMPOSIBLE OU DIFÍCIL RECADACION, EJERCICIO 2015.

Normativa de aplicación:

- Instrucción de Contabilidade da Administración Local.
- RDL 2/2004, de 5 de marzo.
- Bases de Execución do Orzamento do exercicio 2015 (BEO 68ª).

Marta Roca Naveira, Interventora do Concello de Fene, en relación co asunto mencionado ten a ben emitir o seguinte INFORME:

Primeiro.- A BEO 68ª do orzamento do exercicio 2015 determina que: " Os criterios para calcular os dereitos de cobro de dudosa ou imposible recadación serán determinados polo Pleno da Corporación a proposta da Intervención Xeral, e serán incluídos na resolución da aprobación da Liquidación do Orzamento"

Por outra banda, o artigo 193 bis do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locales introducido pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local establece o seguinte:

"Las Entidades Locales deberán informar al Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas y a su Pleno, u órgano equivalente, del resultado de la aplicación de los criterios determinantes de los derechos de difícil o imposible recaudación con los siguientes límites mínimos:

- a) Los derechos pendientes de cobro liquidados dentro de los presupuestos de los dos ejercicios anteriores al que corresponde la liquidación, se minorarán, como mínimo, en un 25 por ciento.
- b) Los derechos pendientes de cobro liquidados dentro de los presupuestos del ejercicio tercero anterior al que corresponde la liquidación, se minorarán, como mínimo, en un 50 por ciento.
- c) Los derechos pendientes de cobro liquidados dentro de los presupuestos de los ejercicios cuarto a quinto anteriores al que corresponde la liquidación, se minorarán, como mínimo, en un 75 por ciento.
- d) Los derechos pendientes de cobro liquidados dentro de los presupuestos de los restantes ejercicios anteriores al que corresponde la liquidación, se minorarán en un 100 por ciento."

Segundo.- O importe dos dereitos pendentes de cobro a 31/12/2015, por exercicios económicos é o que se detalla a continuación:

Exercicio	Dº pte cobro. 31/12/2015	% minoración
2001	134.54	100
2002	1472.48	100
2003	1308.08	100
2004	1131.00	100

2005	4686.28	100
2006	1332.74	100
2007	1612.75	100
2008	364839.74	100
2009	437.04	100
2010	2362.56	75
2011	27861.98	75
2012	11549.47	50
2013	7486,73	25
2014	33153.81	25
TOTAL	459.369,20	

En base ás consideracións anteriores, esta Intervención estima que a cuantificación dos do importe dos dereitos de imposible ou difícil recadación para o exercicio 2015 debe de realizarse nos termos mínimos previsto no artigo 193. Bis do TRLRFL., o que supón un total de 415.557,93 €.

Fene, a 18 de febreiro de 2016.  
Asdo. a interventora"

Logo de ver que a Instrucción do modelo normal de contabilidade local determina na súa regra 8ª que corresponde ó Pleno da Corporación, entre outras, a fixación dos criterios para determinar o importe dos dereitos de imposible ou difícil recadación.

Esta Alcaldía eleva ó Pleno da Corporación a seguinte proposta de acordo:

1º.- Cuantificar os dereitos de difícil ou imposible recadación do exercicio 2015 nos termos previstos no artigo 193.bis do RDL 2/2004, de 5 de marzo, o que supón un total de 415.557,93 €.

Fene, a 18 de febreiro de 2016.  
O alcalde  
Juventino J. Trigo Rey"

**Sometido o asunto a votación foi aprobado pola unanimidade dos concelleiros.**

Á vista do resultado da votación, o Pleno acorda:

**Cuantificar os dereitos de difícil ou imposible recadación do exercicio 2015 nos termos previstos no artigo 193.bis do RDL 2/2004, de 5 de marzo, o que supón un total de 415.557,93 €.**

**6. Aprobación, se procede, da desestimación do recurso de reposición do expediente de imposición de penalidades administrativas núm. 2/2015 á empresa Viaqua**

Consta no expediente a seguinte Proposta da Alcaldía que foi ditaminada favorablemente na sesión ordinaria da Comisión Informativa de Organización e Seguridade do 24.02.2016 por 5 votos a favor (2 do grupo municipal do BNG, 1 do grupo municipal socialista, 1 do grupo municipal Somos Fene e 1 do grupo mixto municipal) e 3 abstencións do grupo municipal do PP:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

ASUNTO: expediente núm. 2/2015 de imposición de penalidades administrativas á concesionaria dos servizos municipais de abastecemento de auga e da rede de saneamento, Viaqua.

O 05.08.2015 mediante acordo plenario incoouse expediente para a imposición de penalidades a Viaqua, gestión integral de augas de Galicia, SAU (VIAQUA en adiante) por importe de 30 euros ó día polo tempo transcorrido entre o 09.09.2013 e o 29.05.2014 polo incumprimento contractual do contrato de concesión da explotación dos servizos municipais de abastecemento de auga e da rede de saneamento do Concello de Fene derivado de non atender ó requirimento efectuado mediante resolución da alcaldía núm. 982/2013, conforme á motivación establecida no informe de secretaría 70/2015 que se lle transcribiu. No dito acordo déuselle audiencia polo prazo de dez días hábiles para que formulara alegacións e presentara os documentos e xustificantes que coidara pertinentes en defensa dos seus dereitos e intereses.

O 17.08.2015 VIAQUA presenta unha serie de alegacións.

O 03.09.2015 mediante acordo plenario desestimáronse as alegacións presentadas por VIAQUA e impuxéronse unhas penalidades de 7.890 € (263 días \* 30€/día) polo tempo transcorrido entre o 09.09.2013 e o 29.05.2014 polo incumprimento contractual do contrato de concesión da explotación dos servizos municipais de abastecemento de auga e da rede de saneamento do Concello de Fene derivado de non atender ó requirimento efectuado mediante resolución da alcaldía núm. 982/2013, conforme á motivación establecida no informe de secretaría 70/2015 e ao artigo 21 dos pregos de cláusulas administrativas que rexen a concesión.

O 17.09.2015 notificouse a VIAQUA o dito acordo plenario.

O 15.10.2015 VIAQUA presenta recurso de reposición contra o acordo plenario podendo sistematizar as alegacións do seguinte xeito:

- Alegacións exactamente iguais ás presentadas o 17.08.2015 polo que debemos remitirnos ó que se analizou e resolveu na sesión plenaria do 03.09.2015 e que se transcribe a continuación:

*"Viaqua, gestión integral de augas de Galicia, SAU ten actualmente recorridas na orde xurisdiccional contencioso administrativa as resolucións de alcaldía núm. 1088/2013 (P.O. 285/2013) e 1063/2014 (P.O. 465/2014). Na resolución de alcaldía núm. 1088/2013 estimóuselle solo parcialmente o recurso interposto contra a resolución de alcaldía núm. 982/2013 pola que se lle requiría unha serie de actuacións na E.D.A.R. de Maniños e na resolución de alcaldía núm. 1063/2014 incoouse expediente para imposición de penalidades polo incumprimento do requirimento efectuado.*

*Ambas resolucións de alcaldía son executivas e eficaces sen que en ningún momento se suspendera a súa eficacia. A interposición de recurso ante a orde xurisdiccional contencioso administrativa non suspendeu automaticamente a súa eficacia e aínda non houbo pronunciamento xudicial polo que non pode falarse de cosa xulgada.*

*A imposición da penalidade polo importe máximo de 30 euros responde ós mesmos criterios que se indicaron na resolución de alcaldía núm. 1063/2014 do 17.10.2014 "A contía determínase tendo en conta o que se lles indicou na resolución de alcaldía núm. 1088/2013 e tendo en conta que o incumprimento contractual considérase leve pero de gran entidade por canto está a supoñer un grande risco de seguridade e salubridade. Así mesmo, debe terse en conta o prazo transcorrido, mais dun ano dende que se fixo o requirimento" ó que agora debe engadirse o reiterado incumprimento no requirimento realizado -e o segundo expediente de imposición de penalidades incoado- e o longo prazo transcorrido sen cumprir o dito requirimento.*

*En canto que non existe abandono nin desidia na demora da execución do requirimento e que non lles corresponde realizar as actuacións na E.D.A.R. de Maniños porque que non se pode falar dunha reparación do servizo emitiu a secretaria da corporación o informe 7/2015 do 04.02.2015 que no seu momento xa se lles transcribiu e que agora se transcribe parcialmente e di:*

**"PRIMEIRO.- CONTIDO DAS ALEGACIÓNS**

*Nas alegacións presentadas Viaqua alega que non pode realizar o baleirado da instalación porque o concello non tramita a autorización para facer esta operación, motivo polo que non se lle pode achacar desidia.*

*Que a imposición de penalidades atende ao abandono ou desidia na demora da execución das reparacións do servizo, non procedendo a imposición porque o baleirado non entra dentro das obrigas da mercantil e, por outra parte, non é ningunha reparación do servizo, porque dende xuño de 2013 a instalación non ten servizo.*

*Engade que non é responsabilidade da mercantil que o concello non tomara ningunha medida de tipo estrutural en relación coas fendas da EDAR, tal e como expoñía no ano 2005 en escrito con rexistro de entrada 7.3.2005.*

#### **SEGUNDO.-ANÁLISE DO CONTIDO DAS ALEGACIÓNS**

*A discusión sobre si as operacións obxecto do expediente de imposición de penalidades son competencia de VIAQUA xa foron resoltas na resolución da alcaldía 108/2013 de 1 de outubro.*

*Con independencia de que o asunto estea xudicializado, o acto é executivo por non atoparse suspendido, polo que, entendendo a administración municipal que as operacións requeridas forman parte do obxecto da concesión administrativa, a incoación do expediente de imposición de penalidades por non atender ao requerimento feito, entra dentro das prerrogativas que a Administración ten.*

*Entende a suscribinte que non procede entrar a dilucidar máis sobre esta cuestión ao estar resolta administrativamente, pero si considera que merece a pena salientar que o propio contratista se contradí continuamente ao respecto, xa que, por exemplo, supostamente non lle corresponde baleirar lodos, pero no escrito de 2005 e no de 17.9.2013 indica como os está a facer.*

*Como se informaba no informe 238/2013: "La presente contratación se rige por lo dispuesto en el contrato firmado el 19.11.1993, del que forman parte los pliegos aprobados por la Corporación Municipal en sesión de 1.7.1993, así como la modificación firmada el 26.3.2002.*

*Supletoriamente resulta de aplicación el Decreto 923/1965, por el que se aprueba el texto articulado de la Ley de Contratos del Estado, Decreto 3410/1975, de 25 de noviembre, por el que se aprueba el Reglamento General de Contratación del Estado, el Decreto de 17 de junio de 1955, por el que se aprueba el Reglamento de Servicios de las Corporaciones Locales, LBRL, TRRL y supletoriamente la normativa privada."*

*Esta normativa resulta de aplicación en base á DT1ª TRLCSP que di que os contratos administrativos adjudicados antes da entrada en vigor desta lei rexiranse en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción pola normativa anterior.*

*Asemade o contrato administrativo, na cláusula 22 do prego, establece que para o non previsto no prego, rexerán as normas da Lei 7/85, RD 781/86, RSCL, Lei de contratos do Estado e o seu regulamento e, en defecto dos anteriores, normas de dereito privado.*

*O Decreto 923/1965 establece, por unha banda, nos artigos 71 e ss. que o empresario deberá executar as obras precisas e organizar o servizo con estrita suxeición ás características establecidas no contrato e nos prazos nel sinalados, debendo cuidar da boa orde do servizo, sen prexuízo das facultades que o art. 65 dá a Administración, que é a conservación dos poderes de policía necesarios para asegurar a boa marcha do servizo.*

*O Regulamento de Servizos das Corporacións Locais (RSCL) establece no seu artigo 127, entre as prerrogativas municipais: "Fiscalizar la gestión del concesionario, a cuyo efecto podrá inspeccionar el servicio, sus obras, instalaciones y locales y la documentación relacionada con el objeto de la concesión y dictar las órdenes para mantener o restablecer la debida prestación"*

*No artigo 131.1 deste regulamento establécese que "El pliego de condiciones detallará la situación y el estado de conservación en que habrán de encontrarse las obras y el material afectos a la concesión en el momento de reversión de la misma."*

*Na cláusula 1.1 do prego que rexe a concesión inclúese expresamente o mantemento e conservación das depuradoras en funcionamento e as que no futuro puideran entrar en servizo, coa obriga de limpeza e eliminación dos seus lodos.*

*A cláusula 8.1 do prego afonda máis sobre o que debe entenderse por mantemento e conservación destas instalacións, xa que di que " en orde á explotación e conservación de obras e instalacións, consideraranse tódalas de captación, depuración, elevación, tratamento, impulsión, acumulación e distribución ata as acometidas dos abonados, incluíndo as instalacións eléctricas e mecánicas de todo tipo. As reparacións que se efectúen en todas estas obras e instalacións do servizo como consecuencia de fugas, avarías, etc. consideraranse traballos de conservación e correrán a cargo do contratista.*

*Asímesmo o concesionario estará obrigado á limpeza e conservación da rede de saneamento ata a entrada á edificación dos abonados."*

*Por outra banda, a cláusula 8.2 indica que traballos como eliminación de fendas ou deterioros importantes non serán a cargo do contratista sempre que houbera forza maior ou non se deban á súa culpa ou negligencia. Ante calquera destes problemas, o contratista debe presentar un informe sobre a posible razón destes deterioros e sobre as medidas a adoptar, algo que está na liña da súa obriga de informar e asesorar técnicaamente á corporación (cláusula 1.3 dos pregos).*

*Analizado o escrito presentado en marzo de 2005 neste ponse de manifesto que a capacidade de tratamento da EDAR está desbordada por exceso de caudal, que a empresa está a xestionar lodos trasladándoos no camión de saneamento da empresa xestora, que o funcionamento con normalidade require de grande esforzo porque son necesarias reparacións pola corrosión que soporta e a obsolescencia dos equipos, fálase de fendas como defectos de obra civil e que, co novo plan de saneamento integral da ría, as augas residuais que xestiona serán bombeadas á nova estación que se contempla.*

*En ningún caso neste escrito, como así dispón a cláusula 8.2 do prego, se indican medidas a adoptar; pola contra, o concesionario parece indicar que todos estes problemas se solucionarán coa nova estación de bombeo.*

*Non se pode, polo tanto, achacar desidia de tipo ningún á administración, cando o propio contratista non solicita ningunha actuación concreta, tal e como debe facelo segundo as súas obrigas.*

*De forma bastante insidiosa a mercantil alega que a imposición de penalidades non procede por aludir a "reparacións do servizo" cando a EDAR non está en funcionamento e non hai "servizo" que reparar.*

*Debe terse presente que é o órgano de contratación o competente para interpretar o contrato e resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento, sendo o acto que dicte inmediatamente executivo, previo informe da asesoría xurídica (artigo 18 TALBCE).*

*Entende a suscribinte que esta argumentación é de todo rebuscada e que cando se fala de servizo, se fala do servizo público que se está a prestar, isto é, o propio obxecto do contrato, e non do funcionamento concreto dunha instalación, tal e como sucede noutros puntos do prego, como cando se fala de "rescate do servizo", "infracción de carácter grave que puxera en perigo a boa prestación do servizo".*

*Así as cousas, dado que a cláusula fala de reparación do servizo e non de instalacións, debe entenderse que se está a aludir con reparar o servizo a proseguir na boa execución do mesmo.*

*Así considera a suscribinte que debe ser interpretado, xa que claramente se aprecia outro sentido no prego cando di "As reparacións que se efectúen en todas estas obras e instalacións do servizo como consecuencia de fugas, avarías, etc. consideraranse traballos de conservación e correrán a cargo do contratista."*

*Isto é: o prego distingue reparación do servizo e reparacións en obras e instalacións, encadrándose a presente no primeiro suposto.*

*Asemade, a cláusula 8.1 do prego establece unha clara concomitancia entre reparación e traballos de conservación, equiparándoos.*

*Non ten sentido que se a Administración conserva as súas funcións de policía, só poida compeler a que se efectúen reparacións concretas ou determinadas, agás as expresamente excluídas, ou que haxa ámbitos sobre os que a súa función de policía se vexa mermada, como se desprendería da interpretación de VIAQUA, máis, pola contra, entender reparación do servizo, como atender*

*aos requerimentos de reposición da súa correcta execución é máis conforme con esa función de policía [...]”.*

- Unha nova alegación consistente en sinalar que o baleirado da EDAR de Maniños era imposible realizalo antes do 02.01.2015 pola falta da autorización de augas de Galicia polo que non procede a imposición de penalidade ningunha polo tempo transcorrido antes da dita data.

Esta última cuestión xa foi analizada e informada pola secretaria municipal no seu informe 7/2015 do 04.02.2015 que no seu momento xa se lles transcribiu e que dicía:

**"PRIMEIRO.- CONTIDO DAS ALEGACIÓNS**

*Nas alegacións presentadas Viaqua alega que non pode realizar o baleirado da instalación porque o concello non tramita a autorización para facer esta operación, motivo polo que non se lle pode achacar desidia.*

*Que a imposición de penalidades atende ao abandono ou desidia na demora da execución das reparacións do servizo, non procedendo a imposición porque o baleirado non entra dentro das obrigas da mercantil e, por outra parte, non é ningunha reparación do servizo, porque dende xuño de 2013 a instalación non ten servizo.*

*Engade que non é responsabilidade da mercantil que o concello non tomara ningunha medida de tipo estrutural en relación coas fendas da EDAR, tal e como expoñía no ano 2005 en escrito con rexistro de entrada 7.3.2005.*

**SEGUNDO.-ANÁLISE DO CONTIDO DAS ALEGACIÓNS**

*A discusión sobre si as operacións obxecto do expediente de imposición de penalidades son competencia de VIAQUA xa foron resoltas na resolución da alcaldía 108/2013 de 1 de outubro.*

*Con independencia de que o asunto estea xudicializado, o acto é executivo por non atoparse suspendido, polo que, entendendo a administración municipal que as operacións requeridas forman parte do obxecto da concesión administrativa, a incoación do expediente de imposición de penalidades por non atender ao requerimento feito, entra dentro das prerrogativas que a Administración ten.*

*Entende a suscribinte que non procede entrar a dilucidar máis sobre esta cuestión ao estar resolta administrativamente, pero si considera que merece a pena salientar que o propio contratista se contradí continuamente ao respecto, xa que, por exemplo, supostamente non lle corresponde baleirar lodos, pero no escrito de 2005 e no de 17.9.2013 indica como os está a facer.*

*Como se informaba no informe 238/2013: "La presente contratación se rige por lo dispuesto en el contrato firmado el 19.11.1993, del que forman parte los pliegos aprobados por la Corporación Municipal en sesión de 1.7.1993, así como la modificación firmada el 26.3.2002.*

*Supletoriamente resulta de aplicación el Decreto 923/1965, por el que se aprueba el texto articulado de la Ley de Contratos del Estado, Decreto 3410/1975, de 25 de noviembre, por el que se aprueba el Reglamento General de Contratación del Estado, el Decreto de 17 de junio de 1955, por el que se aprueba el Reglamento de Servicios de las Corporaciones Locales, LBRL, TRRL y supletoriamente la normativa privada."*

*Esta normativa resulta de aplicación en base á DT1ª TRLCSP que di que os contratos administrativos adxudicados antes da entrada en vigor desta lei rexiranse en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción pola normativa anterior.*

*Asemade o contrato administrativo, na cláusula 22 do prego, establece que para o non previsto no prego, rexerán as normas da Lei 7/85, RD 781/86, RSCL, Lei de contratos do Estado e o seu regulamento e, en defecto dos anteriores, normas de dereito privado.*

*O Decreto 923/1965 establece, por unha banda, nos artigos 71 e ss. que o empresario deberá executar as obras precisas e organizar o servizo con estrita suxeición ás características establecidas no contrato e nos prazos nel sinalados, debendo cuidar da boa orde do servizo, sen prexuízo das facultades que o art. 65 dá a Administración, que é a conservación dos poderes de policía necesarios para asegurar a boa marcha do servizo.*

*O Regulamento de Servizos das Corporacións Locais (RSCL) establece no seu artigo 127, entre as prerrogativas municipais: "Fiscalizar la gestión del concesionario, a cuyo efecto podrá inspeccionar el servicio, sus obras, instalaciones y locales y la documentación relacionada con el objeto de la concesión y dictar las órdenes para mantener o restablecer la debida prestación"*

*No artigo 131.1 deste regulamento establécese que "El pliego de condiciones detallará la situación y el estado de conservación en que habrán de encontrarse las obras y el material afectos a la concesión en el momento de reversión de la misma."*

*Na cláusula 1.1 do prego que rexe a concesión inclúese expresamente o mantemento e conservación das depuradoras en funcionamento e as que no futuro puideran entrar en servizo, coa obriga de limpeza e eliminación dos seus lodos.*

*A cláusula 8.1 do prego afonda máis sobre o que debe entenderse por mantemento e conservación destas instalacións, xa que di que " en orde á explotación e conservación de obras e instalacións, consideraranse tódalas de captación, depuración, elevación, tratamento, impulsión, acumulación e distribución ata as acometidas dos abonados, incluíndo as instalacións eléctricas e mecánicas de todo tipo. As reparacións que se efectúen en todas estas obras e instalacións do servizo como consecuencia de fugas, avarías, etc. consideraranse traballos de conservación e correrán a cargo do contratista.*

*Asímesmo o concesionario estará obrigado á limpeza e conservación da rede de saneamento ata a entrada á edificación dos abonados."*

*Por outra banda, a cláusula 8.2 indica que traballos como eliminación de fendas ou deterioros importantes non serán a cargo do contratista sempre que houbera forza maior ou non se deban á súa culpa ou negligencia. Ante calquera destes problemas, o contratista debe presentar un informe sobre a posible razón destes deterioros e sobre as medidas a adoptar, algo que está na liña da súa obriga de informar e asesorar técnicamente á corporación (cláusula 1.3 dos pregos).*

*Analizado o escrito presentado en marzo de 2005 neste ponse de manifesto que a capacidade de tratamento da EDAR está desbordada por exceso de caudal, que a empresa está a xestionar lodos trasladándoos no camión de saneamento da empresa xestora, que o funcionamento con normalidade require de grande esforzo porque son necesarias reparacións pola corrosión que soporta e a obsolescencia dos equipos, fálase de fendas como defectos de obra civil e que, co novo plan de saneamento integral da ría, as augas residuais que xestiona serán bombeadas á nova estación que se contempla.*

*En ningún caso neste escrito, como así dispón a cláusula 8.2 do prego, se indican medidas a adoptar; pola contra, o concesionario parece indicar que todos estes problemas se solucionarán coa nova estación de bombeo.*

*Non se pode, polo tanto, achacar desidia de tipo ningún á administración, cando o propio contratista non solicita ningunha actuación concreta, tal e como debe facelo segundo as súas obrigas.*

*De forma bastante insidiosa a mercantil alega que a imposición de penalidades non procede por aludir a "reparacións do servizo" cando a EDAR non está en funcionamento e non hai "servizo" que reparar.*

*Debe terse presente que é o órgano de contratación o competente para interpretar o contrato e resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento, sendo o acto que dicte inmediatamente executivo, previo informe da asesoría xurídica (artigo 18 TALBCE).*

*Entende a suscribinte que esta argumentación é de todo rebuscada e que cando se fala de servizo, se fala do servizo público que se está a prestar, isto é, o propio obxecto do contrato, e non do funcionamento concreto dunha instalación, tal e como sucede noutros puntos do prego, como cando se fala de "rescate do servizo", "infracción de carácter grave que puxera en perigo a boa prestación do servizo".*

*Así as cousas, dado que a cláusula fala de reparación do servizo e non de instalacións, debe entenderse que se está a aludir con reparar o servizo a proseguir na boa execución do mesmo.*



*Así considera a suscribinte que debe ser interpretado, xa que claramente se aprecia outro sentido no prego cando di "As reparacións que se efectúen en todas estas obras e instalacións do servizo como consecuencia de fugas, avarías, etc. consideraranse traballos de conservación e correrán a cargo do contratista."*

*Isto é: o prego distingue reparación do servizo e reparacións en obras e instalacións, encadrándose a presente no primeiro suposto.*

*Asemade, a cláusula 8.1 do prego establece unha clara concomitancia entre reparación e traballos de conservación, equiparándoos.*

*Non ten sentido que se a Administración conserva as súas funcións de policía, só poida compeler a que se efectúen reparacións concretas ou determinadas, agás as expresamente excluídas, ou que haxa ámbitos sobre os que a súa función de policía se vexa mermada, como se desprendería da interpretación de VIAQUA, máis, pola contra, entender reparación do servizo, como atender aos requerimentos de reposición da súa correcta execución é máis conforme con esa función de policía.*

#### **TERCEIRO.-ANÁLISE DA PETICIÓN DE PROBAS**

*No seu escrito de alegacións VIAQUA solicita subsidiariamente que se acorde a práctica de proba para acreditar os feitos postos de manifesto no seu escrito.*

*As probas serían, como documental privada, que se incorporen ao expediente os documentos que achega xunto coas alegacións e como documental pública que se expida certificación acreditativa das medidas que o concello tomou para pór solución á EDAR de Maniños tal e como eles informaban en escrito de 2.3.2005 e das actuacións levadas a cabo para autorizar o baleirado da EDAR.*

*Consideran que a proba é precisa para acreditar que a urxenza do baleirado provén da inactividade do concello dende o ano 2005.*

*Como se mencionou anteriormente o informe de AQUAGEST de 2.3.2005 non indica medidas a adoptar, tal e como así o debía facer en base á cláusula 8.2 do prego, senón que, pola contra, o concesionario parece indicar que todos os problemas aos que alude se solucionarán coa nova estación de bombeo. Ante isto, non cabe achacar ningunha inactividade ao Concello, ou, en todo caso, se houbo inactividade, foira porque o concesionario non informou da necesidade de actuar conforme lle obriga o prego.*

*Entende a suscribinte que non procede, polo tanto, aceptar esta petición de proba, xa que a mesma só tería sentido se o contratista informara sobre medidas concretas a adoptar, tal e como esixe a cláusula 8.2 do prego de cláusulas administrativas que rexe a concesión.*

*Solicita asemade que se certifique sobre as actuacións levadas a cabo para solicitar a autorización de baleirado da EDAR ante o organismo competente.*

*Ante isto, débese facer especial fincapé en que a Alcaldía de Fene cando require a VIAQUA que proceda ao baleirado da EDAR nunca lle di como nin onde. Isto é así, dende que se notifica a proposta de resolución mediante resolución 928/2013 o 13.8.2013, outorgando un prazo de alegacións de 10 días, sen que o concesionario alegara nada.*

*Pola contra, é a concesionaria a que fala de baleirar na EDAR Fene-Ares-Mugardos, facéndoo por primeira vez no recurso de reposición presentado o 17.9.2013 fronte á resolución 928/2013, recurso no que di que non é da súa responsabilidade baleirar a EDAR pero ao mesmo tempo di que consultou con Augas de Galicia a posibilidade de facelo para que o concello non teña que facelo a través de camións cisterna e un xestor autorizado.*

*Así as cousas, é a concesionaria a que, sen máis informar ou asesorar, decide por conta propia, que esa operación de baleirado é a que se debe facer e non outra e sen que ningunha autoridade lle indique que a operación debe facerse así ou doutro xeito.*

*Non existe en todo o expediente nin unha soa orde por parte da autoridade municipal na que se lle indique a VIAQUA que faga o baleirado na EDAR Fene-Ares-Mugardos, nin un só escrito no que*

*VIAQUA asesore ao Concello de Fene sobre que esa operación é a tecnicamente idónea, algo que é da súa responsabilidade, xa que o prego de cláusulas administrativas que rexe a concesión na cláusula 1.3 dispón que "o concesionario deberá informar e asesorar tecnicamente á Corporación sobre todo o relativo ós servizos de auga e rede de saneamento, incluíndo a presupostación derivada de estudos para a ampliación ou mellora da rede."*

*Por riba, a acta de recepción da EDAR Fene-Ares-Mugardos e todas as instalacións incluídas no proxecto de actuacións de saneamento na zona norte da ría de Ares e na zona sur da ría de Ferrol non foi asinada ata o 29.5.2014, polo que, cando o Concello de Fene require que VIAQUA actúe a operación de baleirado non era posible en dita instalación.*

*A primeira vez que VIAQUA solicita formalmente que o Concello de Fene recabe autorización de Augas de Galicia para baleirar a EDAR de Maniños na EDAR Fene-Ares-Mugardos foi o 5.12.2013 mediante escrito con RXE 10715, data na que a EDAR non estaba en funcionamento, xa que, como se expuxo anteriormente a acta de recepción é de 29.5.2014.*

*Constan no concello escritos dirixidos por VIAQUA nos que se pon de manifesto que a mercantil coñece que a planta non estaba en funcionamento:*

*-Escrito con RXE 18.7.2014 no que solicitan data de posta en marcha de bombeos no que di: "La aplicación del coeficiente de vertido tiene lugar desde la efectiva prestación del servicio de depuración en la EDAR gestionada por la Administración Hidráulica de Galicia, no siendo conocedora esta concesionaria de las fechas de entrada en funcionamiento de los bombeos que conducen las aguas residuales a la EDAR de Ares...consultamos con Aguas de Galicia telefónicamente, indicándonos que la infraestructura ya ha sido entregada..."*

*-Escrito de 1.8.2014 RXE 7091 co que achegan escrito de Augas de Galicia aclaratorio das datas de aplicación do coeficiente de vertidura no que se lles comunica que a infraestructura foi recepcionada o 29.5.2014.*

*Non ten sentido, polo tanto, que VIAQUA, sendo coñecedora na data de presentación das presentes alegacións (24.10.2014) que a infraestructura non estaba recepcionada, insista nas súas alegacións en que a operación non puido ser practicada pola falta de tramitación da autorización por parte do Concello.*

*Nas súas alegacións a mercantil exclama "¿qué es lo que se está achacando como desidia a esta mercantil, si todavía a día de hoy no nos consta que exista dicha autorización? ¿Cómo pretende el Concello que Viaqua proceda a realizar el vaciado de agua?"*

*Cabería preguntarse ¿como Viaqua pretendía que o concello solicitara unha autorización para unha instalación non recepcionada e que non tiña pasados os debidos controis de calidade? E ¿como Viaqua estando obrigada constructualmente a asesorar tecnicamente ao concello lle solicita unha autorización para facer unha operación inviable, segundo o exposto?*

*Ante a petición de práctica da proba debe salientarse que o artigo 80 da Lei 30/92 di:*

*"1. Los hechos relevantes para la decisión de un procedimiento podrán acreditarse por cualquier medio de prueba admisible en Derecho.*

*2. Cuando la Administración no tenga por ciertos los hechos alegados por los interesados o la naturaleza del procedimiento lo exija, el instructor del mismo acordará la apertura de un período de prueba por un plazo no superior a treinta días ni inferior a diez, a fin de que puedan practicarse cuantas juzgue pertinentes.*

*3. El instructor del procedimiento sólo podrá rechazar las pruebas propuestas por los interesados cuando sean manifiestamente improcedentes o innecesarias, mediante resolución motivada."*

*A xuízo da suscribinte as probas que se solicita se practiquen son manifestamente innecesarias e improcedentes, xa que a documental privada e pública queda incorporada de forma automática ao expediente a medida que se presenta ou se produce. Todos os antecedentes escritos relativos á solicitude de autorización do baleirado obran no expediente e non procede certificar sobre documental relativa ás medidas adoptadas polo concello para por solución á EDAR de Maniños porque, como xa se expuxo anteriormente, ningunha medida foi instada pola concesionaria, tal e como lle competía.*

**CUARTO.-DA ACTUACIÓN MUNICIPAL**

*Á vista do expediente deben facerse as seguintes si consideracións:*

*-Tal e como se pon de manifesto nos antecedentes deste informe, o concello require a VIAQUA a actuación sobre a EDAR de Maniños en diversas ocasións sen indicarlle como realizar a mesma.  
-VIAQUA solicita que o Concello xestione unha autorización de baleira nunha instalación non recepcionada.  
-Inda que o concello nunca indicou a VIAQUA como xestionar a operación, tampouco lle negou a posibilidade de facelo na EDAR de Punta Avarenta.*

*Visto o que antecede, en base aos principios de boa fe e confianza lexítima que deben presidir a actuación da Administración, a suscribinte considera que non resulta procedente no presente expediente manter a imposición de penalidades dende que a operación de baleirado na EDAR de Punta Avarenta era factible.*

*Así as cousas, considerando que o concello non negou a posibilidade de baleirar na citada EDAR, o expediente de imposición de penalidades incoado por resolución 1063/2014, ratificado polo pleno municipal en sesión de 4.12.2014, debería selo polo período que vai dende o 9.9.2013 ao 29.5.2014, inclusive, procedendo, polo tanto, estimar parcialmente as alegacións presentadas.*

*A pesar disto, inda que non forma parte deste expediente, a suscribinte quere salientar que unha vez obtida a autorización e notificada a VIAQUA, a xestión encomendada pola alcaldía segue sen executarse polo concesionario, sendo coñecedora a suscribinte polo se puido informar polo xefe de planta da EDAR de Punta Avarenta que a concesionaria non se puxo en contacto con el. Ante isto, infórmase á alcaldía que procede abrir un novo expediente de imposición de penalidades dende a data na que VIAQUA conta coa autorización de baleirado (2.1.2015) ata o momento presente e iso sen ter en conta o escrito aclaratorio achegado o 19.1.2015, xa que, tal e como foi contestado, a autorización estaba perfectamente clara e a solicitude de aclaración non tiña obxecto, agás, entende a suscribinte, que o de intentar demorar máis a operación.*

*Asemade, estando xa previamente advertida en resolución 1063/2014 do 17 de outubro, á vista da actitude da concesionaria, procede dictar execución subsidiaria a costa da mesma.*

#### **CONCLUSIÓN:**

*Cómpre estimar parcialmente as alegacións presentadas por VIAQUA o 24.10.2014 de tal xeito que o expediente de imposición de penalidades incoado o sexa polo período que vai dende o 9.9.2013 e o 29.5.2014, desbotando o resto das alegacións, así como a petición de proba, conforme ao establecido no presente informe”.*

No recurso de reposición interposto solicítase a suspensión da execución do acordo do pleno do concello do 03.09.2015 de conformidade co artigo 111 da Lei 30/1992 do réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Transcorridos 30 días desde que solicitara a suspensión, a execución do acto impugnado se entende suspendida. Non obstante, a suspensión quedará xa levantada coa resolución do recurso de reposición interposto.

En base ao que antecede, propoño ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO:

**PRIMEIRO.-** Desestimar o recurso de reposición interposto o 15.10.2015 por Viaqua, gestión integral de augas de Galicia, S.A.U. contra o acordo do pleno do concello do 03.09.2015 relativo ó expediente núm. 2/2015 de imposición de penalidades polas motivacións expostas anteriormente.

A desestimación do recurso de reposición interposto supón o levantamento da suspensión da execución do dito acordo plenario.

**SEGUNDO.-** Notificar a presente resolución a Viaqua, gestión integral de augas de Galicia, S.A.U. sinalándolle que contra a mesma non poderá interpoñer novamente recurso de reposición podendo interpoñer o recurso contencioso - administrativo perante o Xulgado Contencioso-administrativo de Ferrol, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da notificación do presente acordo.

Ademais poderá utilizar calquera outro proceso que estime pertinente, así como exercer-las accións que procedan perante a xurisdición competente.

Fene, 22 de xaneiro de 2016  
O alcalde  
Juventino José Trigo Rey"

**Sometido o asunto a votación foi aprobado pola unanimidade dos concelleiros.**

Á vista do resultado da votación, o Pleno acorda:

**PRIMEIRO.- Desestimar o recurso de reposición interposto o 15.10.2015 por Viaqua, gestión integral de augas de Galicia, S.A.U. contra o acordo do pleno do concello do 03.09.2015 relativo ó expediente núm. 2/2015 de imposición de penalidades polas motivacións expostas anteriormente.**

**A desestimación do recurso de reposición interposto supón o levantamento da suspensión da execución do dito acordo plenario.**

**SEGUNDO.- Notificar a presente resolución a Viaqua, gestión integral de augas de Galicia, S.A.U. sinalándolle que contra a mesma non poderá interpoñer novamente recurso de reposición podendo interpoñer o recurso contencioso - administrativo perante o Xulgado Contencioso-administrativo de Ferrol, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da notificación do presente acordo.**

**Ademais poderá utilizar calquera outro proceso que estime pertinente, así como exerce-las accións que procedan perante a xurisdición competente.**

**7. Aprobación, se procede, da desestimación do recurso de reposición do expediente de imposición de penalidades administrativas núm. 3/2015 á empresa Viaqua**

Consta no expediente a seguinte Proposta da Alcaldía que foi ditaminada favorablemente na sesión ordinaria da Comisión Informativa de Organización e Seguridade do 24.02.2016 por 5 votos a favor (2 do grupo municipal do BNG, 1 do grupo municipal socialista, 1 do grupo municipal Somos Fene e 1 do grupo mixto municipal) e 3 abstencións do grupo municipal do PP:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

ASUNTO: expediente núm. 3/2015 de imposición de penalidades administrativas á concesionaria dos servizos municipais de abastecemento de auga e da rede de saneamento, Viaqua.

O 05.08.2015 mediante acordo plenario incoouse expediente para a imposición de penalidades a Viaqua, gestión integral de augas de Galicia, SAU (VIAQUA en diante) por importe de 30 euros ó día polo tempo transcorrido entre o 02.01.2015 e o 17.07.2015 polo incumprimento contractual do contrato de concesión da explotación dos servizos municipais de abastecemento de auga e da rede de saneamento do Concello de Fene derivado de non atender ó requirimento efectuado mediante resolución da alcaldía núm. 982/2013, unha vez remitida a autorización de baleirado da EDAR de Maniños na EDAR de Punta Avarenta de Augas de Galicia. No dito acordo déuselle audiencia polo prazo de dez días hábiles para que formulara alegacións e presentara os documentos e xustificantes que coidara pertinentes en defensa dos seus dereitos e intereses.

O 17.08.2015 VIAQUA presenta unha serie de alegacións.

O 03.09.2015 mediante acordo plenario desestimáronse as alegacións presentadas por VIAQUA e impuxéronse unhas penalidades de 5.910 € (197 días \* 30€/día) polo tempo transcorrido entre o 02.01.2015 e o 17.07.2015 polo incumprimento contractual do contrato de concesión da explotación dos servizos municipais de abastecemento de auga e da rede de saneamento do Concello de Fene derivado de non atender ó requirimento efectuado mediante resolución da alcaldía núm. 982/2013, unha vez remitida a autorización de baleirado da EDAR de Maniños na EDAR de Punta Avarenta de Augas de Galicia, conforme ao artigo 21 dos pregos de cláusulas administrativas que rexon a concesión.

O 17.09.2015 notificouse a VIAQUA o dito acordo plenario.

O 15.10.2015 VIAQUA presenta recurso de reposición contra o acordo plenario podendo sistematizar as alegacións do seguinte xeito:

- Alegacións exactamente iguais ás presentadas o 17.08.2015 polo que debemos remitirnos ó que se analizou e resolveu na sesión plenaria do 03.09.2015 e que se transcribe a continuación:

*"Viaqua, gestión integral de aguas de Galicia, SAU ten actualmente recorridas na orde xurisdiccional contencioso administrativa as resolucións de alcaldía núm. 1088/2013 (P.O. 285/2013) e 1063/2014 (P.O. 465/2014). Na resolución de alcaldía núm. 1088/2013 estimóuselle solo parcialmente o recurso interposto contra a resolución de alcaldía núm. 982/2013 pola que se lle requiría unha serie de actuacións na E.D.A.R. de Maniños e na resolución de alcaldía núm. 1063/2014 incoouse expediente para imposición de penalidades polo incumprimento do requirimento efectuado.*

*Ambas resolucións de alcaldía son executivas e eficaces sen que en ningún momento se suspendera a súa eficacia. A interposición de recurso ante a orde xurisdiccional contencioso administrativa non suspendeu automaticamente a súa eficacia e aínda non houbo pronunciamento xudicial polo que non pode falarse de cosa xulgada.*

*A imposición da penalidade polo importe máximo de 30 euros responde ós mesmos criterios que se indicaron na resolución de alcaldía núm. 1063/2014 do 17.10.2014 "A contía determínase tendo en conta o que se lles indicou na resolución de alcaldía núm. 1088/2013 e tendo en conta que o incumprimento contractual considérase leve pero de gran entidade por canto está a supoñer un grande risco de seguridade e salubridade. Así mesmo, debe terse en conta o prazo transcorrido, mais dun ano dende que se fixo o requirimento" ó que agora debe engadirse o reiterado incumprimento no requirimento realizado -e o segundo expediente de imposición de penalidades incoado- e o longo prazo transcorrido sen cumprir o dito requirimento.*

*En canto que non existe abandono nin desidia na demora da execución do requirimento e que non lles corresponde realizar as actuacións na E.D.A.R. de Maniños porque que non se pode falar dunha reparación do servizo emitiu a secretaria da corporación o informe 7/2015 do 04.02.2015 que no seu momento xa se lles transcribiu e que agora se transcribe parcialmente e di:*

**"PRIMEIRO.- CONTIDO DAS ALEGACIÓNS**

*Nas alegacións presentadas Viaqua alega que non pode realizar o baleirado da instalación porque o concello non tramita a autorización para facer esta operación, motivo polo que non se lle pode achacar desidia.*

*Que a imposición de penalidades atende ao abandono ou desidia na demora da execución das reparacións do servizo, non procedendo a imposición porque o baleirado non entra dentro das obrigas da mercantil e, por outra parte, non é ningunha reparación do servizo, porque dende xuño de 2013 a instalación non ten servizo.*

*Engade que non é responsabilidade da mercantil que o concello non tomara ningunha medida de tipo estrutural en relación coas fendas da EDAR, tal e como expoñía no ano 2005 en escrito con rexistro de entrada 7.3.2005.*

**SEGUNDO.-ANÁLISE DO CONTIDO DAS ALEGACIÓNS**

*A discusión sobre si as operacións obxecto do expediente de imposición de penalidades son competencia de VIAQUA xa foron resoltas na resolución da alcaldía 108/2013 de 1 de outubro.*

*Con independencia de que o asunto estea xudicializado, o acto é executivo por non atoparse suspendido, polo que, entendendo a administración municipal que as operacións requeridas forman parte do obxecto da concesión administrativa, a incoación do expediente de imposición de penalidades por non atender ao requirimento feito, entra dentro das prerrogativas que a Administración ten.*

*Entende a suscribinte que non procede entrar a dilucidar máis sobre esta cuestión ao estar resolta administrativamente, pero si considera que merece a pena salientar que o propio contratista se*

*contradí continuamente ao respecto, xa que, por exemplo, supostamente non lle corresponde baleirar lodos, pero no escrito de 2005 e no de 17.9.2013 indica como os está a facer.*

*Como se informaba no informe 238/2013: "La presente contratación se rige por lo dispuesto en el contrato firmado el 19.11.1993, del que forman parte los pliegos aprobados por la Corporación Municipal en sesión de 1.7.1993, así como la modificación firmada el 26.3.2002.*

*Supleatoriamente resulta de aplicación el Decreto 923/1965, por el que se aprueba el texto articulado de la Ley de Contratos del Estado, Decreto 3410/1975, de 25 de noviembre, por el que se aprueba el Reglamento General de Contratación del Estado, el Decreto de 17 de junio de 1955, por el que se aprueba el Reglamento de Servicios de las Corporaciones Locales, LBRL, TRRL y supleatoriamente la normativa privada."*

*Esta normativa resulta de aplicación en base á DT1ª TRLCSP que di que os contratos administrativos adjudicados antes da entrada en vigor desta lei rexiranse en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción pola normativa anterior.*

*Asemade o contrato administrativo, na cláusula 22 do prego, establece que para o non previsto no prego, rexerán as normas da Lei 7/85, RD 781/86, RSCL, Lei de contratos do Estado e o seu regulamento e, en defecto dos anteriores, normas de dereito privado.*

*O Decreto 923/1965 establece, por unha banda, nos artigos 71 e ss. que o empresario deberá executar as obras precisas e organizar o servizo con estrita suxeición ás características establecidas no contrato e nos prazos nel sinalados, debendo cuidar da boa orde do servizo, sen prexuízo das facultades que o art. 65 dá a Administración, que é a conservación dos poderes de policía necesarios para asegurar a boa marcha do servizo.*

*O Regulamento de Servizos das Corporacións Locais (RSCL) establece no seu artigo 127, entre as prerrogativas municipais: "Fiscalizar la gestión del concesionario, a cuyo efecto podrá inspeccionar el servicio, sus obras, instalaciones y locales y la documentación relacionada con el objeto de la concesión y dictar las órdenes para mantener o restablecer la debida prestación"*

*No artigo 131.1 deste regulamento establécese que "El pliego de condiciones detallará la situación y el estado de conservación en que habrán de encontrarse las obras y el material afectos a la concesión en el momento de reversión de la misma."*

*Na cláusula 1.1 do prego que rexe a concesión inclúese expresamente o mantemento e conservación das depuradoras en funcionamento e as que no futuro puideran entrar en servizo, coa obriga de limpeza e eliminación dos seus lodos.*

*A cláusula 8.1 do prego afonda máis sobre o que debe entenderse por mantemento e conservación destas instalacións, xa que di que " en orde á explotación e conservación de obras e instalacións, consideraranse tódalas de captación, depuración, elevación, tratamento, impulsión, acumulación e distribución ata as acometidas dos abonados, incluíndo as instalacións eléctricas e mecánicas de todo tipo. As reparacións que se efectúen en todas estas obras e instalacións do servizo como consecuencia de fugas, avarías, etc. consideraranse traballos de conservación e correrán a cargo do contratista.*

*Asímesmo o concesionario estará obrigado á limpeza e conservación da rede de saneamento ata a entrada á edificación dos abonados."*

*Por outra banda, a cláusula 8.2 indica que traballos como eliminación de fendas ou deterioros importantes non serán a cargo do contratista sempre que houbera forza maior ou non se deban á súa culpa ou negligencia. Ante calquera destes problemas, o contratista debe presentar un informe sobre a posible razón destes deterioros e sobre as medidas a adoptar, algo que está na liña da súa obriga de informar e asesorar técnicamente á corporación (cláusula 1.3 dos pregos).*

*Analizado o escrito presentado en marzo de 2005 neste ponse de manifesto que a capacidade de tratamento da EDAR está desbordada por exceso de caudal, que a empresa está a xestionar lodos trasladándoos no camión de saneamento da empresa xestora, que o funcionamento con normalidade require de grande esforzo porque son necesarias reparacións pola corrosión que soporta e a obsolescencia dos equipos, fálase de fendas como defectos de obra civil e que, co*

*novo plan de saneamento integral da ría, as augas residuais que xestiona serán bombeadas á nova estación que se contempla.*

*En ningún caso neste escrito, como así dispón a cláusula 8.2 do prego, se indican medidas a adoptar; pola contra, o concesionario parece indicar que todos estes problemas se solucionarán coa nova estación de bombeo.*

*Non se pode, polo tanto, achacar desidia de tipo ningún á administración, cando o propio contratista non solicita ningunha actuación concreta, tal e como debe facelo segundo as súas obrigas.*

*De forma bastante insidiosa a mercantil alega que a imposición de penalidades non procede por aludir a "reparacións do servizo" cando a EDAR non está en funcionamento e non hai "servizo" que reparar.*

*Debe terse presente que é o órgano de contratación o competente para interpretar o contrato e resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento, sendo o acto que dicte inmediatamente executivo, previo informe da asesoría xurídica (artigo 18 TALBCE).*

*Entende a suscribinte que esta argumentación é de todo rebuscada e que cando se fala de servizo, se fala do servizo público que se está a prestar, isto é, o propio obxecto do contrato, e non do funcionamento concreto dunha instalación, tal e como sucede noutros puntos do prego, como cando se fala de "rescate do servizo", "infracción de carácter grave que puxera en perigo a boa prestación do servizo".*

*Así as cousas, dado que a cláusula fala de reparación do servizo e non de instalacións, debe entenderse que se está a aludir con reparar o servizo a proseguir na boa execución do mesmo.*

*Así considera a suscribinte que debe ser interpretado, xa que claramente se aprecia outro sentido no prego cando di "As reparacións que se efectúen en todas estas obras e instalacións do servizo como consecuencia de fugas, avarías, etc. consideraranse traballos de conservación e correrán a cargo do contratista."*

*Isto é: o prego distingue reparación do servizo e reparacións en obras e instalacións, encadrándose a presente no primeiro suposto.*

*Asemade, a cláusula 8.1 do prego establece unha clara concomitancia entre reparación e traballos de conservación, equiparándoos.*

*Non ten sentido que se a Administración conserva as súas funcións de policía, só poida compeler a que se efectúen reparacións concretas ou determinadas, agás as expresamente excluídas, ou que haxa ámbitos sobre os que a súa función de policía se vexa mermada, como se desprendería da interpretación de VIAQUA, máis, pola contra, entender reparación do servizo, como atender aos requerimentos de reposición da súa correcta execución é máis conforme con esa función de policía [...]"*

- Unha nova alegación consistente en sinalar que o baleirado da EDAR de Maniños era imposible re-alizalo antes do 02.01.2015 pola falta da autorización de augas de Galicia polo que non procede a imposición de penalidade ningunha polo tempo transcorrido antes da dita data.

*Esta última cuestión carece de sentido neste expediente por canto a imposición de penalidades é tendo en conta o tempo transcorrido entre o 02.01.2015 e o 17.07.2015.*

No recurso de reposición interposto solicítase a suspensión da execución do acordo do pleno do concello do 03.09.2015 de conformidade co artigo 111 da Lei 30/1992 do réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Transcorridos 30 días desde que solicitara a suspensión, a execución do acto impugnado se entende suspendida. Non obstante, a suspensión quedará xa levantada coa resolución do recurso de reposición interposto.

En base ao que antecede, propoño ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Desestimar o recurso de reposición interposto o 15.10.2015 por Viaqua, gestión integral de aguas de Galicia, S.A.U. contra o acordo do pleno do concello do 03.09.2015 relativo ó expediente núm. 3/2015 de imposición de penalidades polas motivacións expostas anteriormente.

A desestimación do recurso de reposición interposto supón o levantamento da suspensión da execución do dito acordo plenario.

SEGUNDO.- Notificar a presente resolución a Viaqua, gestión integral de aguas de Galicia, S.A.U. sinalándolle que contra a mesma non poderá interpoñer novamente recurso de reposición podendo interpoñer o recurso contencioso - administrativo perante o Xulgado Contencioso-administrativo de Ferrol, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da notificación do presente acordo.

Ademais poderá utilizar calquera outro proceso que estime pertinente, así como exerce-las accións que procedan perante a xurisdición competente.

Fene, 22 de xaneiro de 2016  
O alcalde  
Juventino José Trigo Rey"

**Sometido o asunto a votación foi aprobado pola unanimidade dos concelleiros.**

Á vista do resultado da votación, o Pleno acorda:

**PRIMEIRO.- Desestimar o recurso de reposición interposto o 15.10.2015 por Viaqua, gestión integral de aguas de Galicia, S.A.U. contra o acordo do pleno do concello do 03.09.2015 relativo ó expediente núm. 3/2015 de imposición de penalidades polas motivacións expostas anteriormente.**

**A desestimación do recurso de reposición interposto supón o levantamento da suspensión da execución do dito acordo plenario.**

**SEGUNDO.- Notificar a presente resolución a Viaqua, gestión integral de aguas de Galicia, S.A.U. sinalándolle que contra a mesma non poderá interpoñer novamente recurso de reposición podendo interpoñer o recurso contencioso - administrativo perante o Xulgado Contencioso-administrativo de Ferrol, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da notificación do presente acordo.**

**Ademais poderá utilizar calquera outro proceso que estime pertinente, así como exerce-las accións que procedan perante a xurisdición competente.**

### **8. Aprobación, se procede, do acordo de adhesión á Rede Dixital de Emerxencias e Seguridade de Galicia**

Consta no expediente a seguinte Proposta da alcaldía que foi ditaminada favorablemente na sesión ordinaria da Comisión Informativa de Organización e Seguridade do 24.02.2016 por 7 votos a favor (2 do grupo municipal do BNG, 1 do grupo municipal Socialista, 1 do grupo municipal Somos Fene e 3 do grupo municipal do PP) e 1 abstención do grupo mixto municipal:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

ASUNTO: adhesión á rede dixital de emerxencias e seguridade e ás condicións de servizo determinadas na encomenda de xestión e mantemento a Retegal SA coa adquisición de termináis pola Xunta de Galicia.

A Dirección Xeral de Emerxencias e Interior remitiu un modelo de acordo para adherirse á Rede dixital de emerxencias, o que implica adquirir a cesión dun equipamento portátil para a nova rede de comunicación de emerxencias.



O compromiso de adquirir este equipamento foi adquirido por este concello coa solicitude de subvención regulada na Orde do 28 de xaneiro de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións para o ano 2015 para a adxudicación de equipamentos de emerxencias, en réxime de concorrencia competitiva, a concellos de menos de 50.000 habitantes, mancomunidades ou agrupacións de concellos galegos, cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder-Galicia 2007-2013.

A secretaría e intervención municipais emitiron un informe conxunto de 19.02.2016 favorable á aprobación deste convenio.

En base ao que antecede, propoño ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO:

1.- Prestar aprobación ao acordo de adhesión á rede dixital de emerxencias e seguridade e ás condicións de servizo determinadas na encomenda de xestión e mantemento a Retegal SA coa adquisición de terminais pola Xunta de Galicia que se transcribe como anexo.

2.-Dar traslado deste acordo á Dirección Xeral de Emerxencias e Interior.

#### ANEXO

#### ADHESIÓN Á REDE DIXITAL DE EMERXENCIAS E SEGURIDADE DE GALICIA E ÁS CONDICIÓNS DE SERVIZO DETERMINADAS NA ENCOMENDA DE XESTIÓN E MANTEMENTO A RETEGAL, SA COA ADQUISICIÓN DE TERMINAIS POLA XUNTA DE GALICIA

D. Juventino José Trigo Rey, en representación do Concello de Fene, en virtude de facultades conferidas polo artigo 21 LBRL.

#### DECLARA

Que tendo en conta o acordo do Consello da Xunta, do 15 de maio de 2014, polo que se aprobou a posta en marcha e o modo de explotación da rede Dixital de Emerxencias e Seguridade de Galicia e o exposto na encomenda de xestión que a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia lle fai á Sociedade Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, SA, para xestión e mantemento da Rede Dixital de Emerxencias e Seguridade de Galicia.

#### MANIFESTA

Primeiro.- A vontade do Concello de Fene, cuxa representación ostento, de adherirse:  
- Á Rede Dixital de Emerxencias e Seguridade de Galicia,  
- Ás condicións de servizo determinadas na encomenda de xestión e mantemento de dita Rede a Retegal, SA, asumindo todas as obrigas derivadas dela e con suxeición ao seu modelo de explotación e as súas condicións de execución.

Segundo.- O equipamento que se prevé adquirir, e o uso previsto para a rede, é o seguinte:

<b>Terminais dos que a Xunta cederá o uso á entidade local</b>			
<b>Tipo de terminal*</b>	<b>Nº de terminais</b>	<b>Custe Anual (ive engadido)</b>	<b>Custe Total anual (ive engadido)</b>
Terminal fixo			
Terminal portátil	1	388,14 €	388,14 €
Terminal móbil			
Posto de despacho con xestión de flotas e grupos dinámicos			
Posto de despacho con xestión de flotas e grupos dinámicos e acceso a aplicacións avanzadas da rede			

(xeolocalización, gravación de chamadas, TEDS, etc)			
		<b>TOTAL</b>	388,14 €

\* A instalación dos terminais será por conta da entidade local

<b>Usos previstos e datos de contacto</b>	
Contacto técnico (nome, cargo, teléfono e mail). Contactarse coa persoa indicada, unha vez aprobada a adhesión da entidade, para definir en profundidade as cuestións técnicas precisas.	
Contacto administrativo (nome, cargo, teléfono e mail)	
Relación de Organismos que se conectarán á rede (policia, bombeiros, Protección Civil, etc)	Protección Civil, Policía Local
Data de entrada na rede solicitada	Marzo 2016
Necesidade de funcionalidades avanzadas de rede (xeolocalización, grabación de chamadas, etc): Indicar Si/Non	NON
Poboación da entidade local (últimos datos INE publicados)	13.385

Terceiro.- Asumir as seguintes obrigas:

- . Custes de instalación
- . Uso dilixente do equipamento achegado pola Xunta de Galicia, destinándoo ao uso debido

Cuarto.- A aceptación das tarifas que en cada momento estean vixentes no órgano encargado da xestión e mantemento da Rede Dixital de Emerxencias e Seguridade de Galicia.

O importe das ditas tarifas abonarase mensualmente por parte do organismo e será proporcional ao número de terminais e aos servizos que se utilicen. O abono farase directamente a Retegal SA, en virtude do disposto na Resolución do 19 de xaneiro de 2015, pola que se encomenda á Sociedade Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, SA, a xestión e mantemento da Rede Dixital de Emerxencias e Seguridade de Galicia, previa facturación por parte de Retegal SA a razón de 32,345 € mensuais.

Sen prexuízo do disposto anteriormente, a facturación por parte de Retegal SA á entidade local correspondente responderá a servizos efectivamente prestados.

En caso de incumprimento da obriga de pagamento das tarifas reseñadas, o importe adebado detraerase das transferencias que reciba o concello procedentes da Xunta de Galicia, a través do procedemento que legalmente proceda.

Quinto.- A adhesión terá unha vixencia de 10 anos dende a súa sinatura, prorrogable salvo denuncia expresa dalgunha das partes formulada con tres meses de antelación ao remate da súa vixencia.

Son causas de resolución anticipada o incumprimento dalgunha das súas cláusulas, o mutuo acordo das entidades asinantes e as restantes causas xerais establecidas pola lexislación vixente, así como a denuncia dunha das partes formulada cun preaviso á outra con 3 MESES de antelación, manténdose os acordos sobre as actividades ou proxectos que poidan estar en marcha.

En caso de resolución anticipada derivada do incumprimento dalgunha das súas cláusulas por parte da entidade local ou por vontade unilateral desta, o concello deberá abonar á Xunta de Galicia a cantidade que resulte da táboa seguinte en concepto de penalización por resolución anticipada en atención aos terminais efectivamente proporcionados pola Xunta de Galicia á dita entidade local.

Sexto.- No caso de que a entidade local decida resolver o presente acordo de forma unilateral de xeito previo á finalización da súa vixencia, ou reduza o número de terminais empregados en máis dun 30 % respecto do ano previo, asumirá as seguintes penalizacións:

- por cada terminal que se reduza: 5 % da cota anual do terminal por cada ano que reste para a finalización do acordo.

Neste caso, os terminais deberán ser devoltos a AMTEGA nun estado de conservación correcto. Noutro caso, a entidade local deberá asumir a reparación / substitución do mesmo.

As anteriores penalizacións non resultarán de aplicación cando a causa da resolución unilateral sexa o incremento en máis dun 3% do importe das tarifas con respecto ás vixentes no momento da efectividade da adhesión.

Sétimo.- As condicións de adhesión previstas no presente acordo deberán adaptarse, no seu caso, ao que se estableza no desenvolvemento regulamentario previsto na disposición adicional segunda da Lei 3/2013, de 20 de maio, de impulso e ordenación das infraestruturas de telecomunicacións de Galicia. En caso de desacordo coas novas condicións que, de ser o caso, se establezan, a entidade local asinante poderá resolver

Unilateralmente o presente acordo sen penalizacións mediante denuncia formulada cun preaviso de 3 MESES de antelación, manténdose os acordos sobre as actividades ou proxectos que poidan estar en marcha

Oitavo.- A entidade local consente expresamente a inclusión dos datos relevantes deste acordo nos rexistros públicos que proceda, de conformidade co establecido nos puntos 3 e 4 do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de Xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración Pública e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

Noveno.- A subscrición do presente acordo non implicará relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre o persoal da entidade local e a Amtega e Retegal S.A., de tal modo que non se lle poderá esixir ningunha responsabilidade, nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria, polos actos ou feitos ocorridos durante a execución das actuacións e/ou a vixencia do presente acordo.

Décimo.- O presente acordo ten natureza administrativa, e como tal excluído do ámbito de aplicación do Texto refundido da Lei de contratos do sector público (artigo 4.1.d) do TRLCSP), se ben se observarán os seus principios para a resolución das dúbidas e lagoas que se puidesen presentar. Rexerase polas súas propias cláusulas e supletoriamente, polas normas xerais do dereito administrativo.

A Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia ostenta a prerrogativa de interpretar, e resolver tódalas dúbidas que xurdan na súa execución, de acordo co réxime xurídico legalmente aplicable.

### **Cláusula de Seguridade da información e protección de datos**

A entidade local será a responsable do ficheiro dos datos persoais xerados no servizo.

Conforme ao establecido no artigo 12 da Lei Orgánica 15/1999, de Protección de Datos de Carácter Persoal (en diante LOPD), e no Real Decreto 1720/2007 (en diante, RLOPD), a Amtega como Encargada do tratamento, comprométese a:

Empregar os datos de carácter persoal exclusivamente para cumprir coa prestación do servizo, polo que non os empregará para fin distinto, nin os comunicará, nin sequera para a súa conservación, a outras persoas, salvo autorización expresa do Responsable do ficheiro.

Custodiar ditos datos adoptando as correspondentes medidas de seguridade, de acordo coa Lei Orgánica 15/1999 de Protección de Datos e a súa normativa de desenvolvemento (en concreto, artigos 89 a 114 do RLOPD). A tal fin, o Responsable do ficheiro deberá informar do nivel de seguridade que lle corresponde aos datos.

A Amtega deberá observar en todo momento, e en relación cos ficheiros de datos de carácter persoal aos que teña acceso con motivo da prestación de servizos acordada, o deber de confidencialidade e segredo profesional, de conformidade co disposto no artigo 10 da LOPD. Dito deber subsistirá aínda despois de finalizar a prestación do servizo.

O Responsable do ficheiro autoriza á Amtega a encomenda de todos os servizos á Sociedade Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, S.A. (en diante, Retegal). Así mesmo, o Responsable de Ficheiro autoriza que Retegal subcontrate calquera aspecto do servizo que fose preciso, sempre que se dea cumprimento ao establecido no artigo 21 RLOPD.

Unha vez finalizada a prestación de servizos, o Encargado de tratamento ou entidade subcontratada destruírá ou devolverá ao Responsable do ficheiro, segundo se indique, os documentos ou soportes con datos de carácter persoal obxecto do tratamento.

Por outra banda, o Responsable do ficheiro comprométese a cumprir cos principios e medidas de seguridade establecidos na normativa vixente. En particular comprométese a informar aos seus usuarios do sinalado no artigo 5 da LOPD, no seu caso, da existencia dun sistema de gravación de voz, de xeolocalización e de escoita ambiente coa finalidade de garantir a seguridade dos traballadores así como proceder ao posterior análise da xestión da emerxencia.

Así mesmo, no caso que proceda, o responsable do ficheiro deberá ter declarados ante a AEPD os ficheiros correspondentes a este servizo.

Santiago de Compostela,

Sinatura.”

Fene, 19 de febreiro de 2016

O alcalde

Juventino J. Trigo Rey”

**Sometido o asunto a votación foi aprobado pola unanimidade dos concelleiros.**

Á vista do resultado da votación, o Pleno acorda:

**1.- Prestar aprobación ao acordo de adhesión á rede dixital de emerxencias e seguridade e ás condicións de servizo determinadas na encomenda de xestión e mantemento a Retegal SA coa adquisición de terminais pola Xunta de Galicia que se transcribe como anexo.**

**2.-Dar traslado deste acordo á Dirección Xeral de Emerxencias e Interior.**

#### **ANEXO**

#### **ADHESIÓN Á REDE DIXITAL DE EMERXENCIAS E SEGURIDADE DE GALICIA E ÁS CONDICIÓN DE SERVIZO DETERMINADAS NA ENCOMENDA DE XESTIÓN E MANTEMENTO A RETEGAL, SA COA ADQUISICIÓN DE TERMINAIS POLA XUNTA DE GALICIA**

**D. Juventino José Trigo Rey, en representación do Concello de Fene, en virtude de facultades conferidas polo artigo 21 LBRL.**

#### **DECLARA**

**Que tendo en conta o acordo do Consello da Xunta, do 15 de maio de 2014, polo que se aprobou a posta en marcha e o modo de explotación da rede Dixital de Emerxencias e Seguridade de Galicia e o exposto na encomenda de xestión que a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia lle fai á Sociedade Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, SA, para xestión e mantemento da Rede Dixital de Emerxencias e Seguridade de Galicia.**

#### **MANIFESTA**

**Primeiro.- A vontade do Concello de Fene, cuxa representación ostento, de adherirse:**

- Á Rede Dixital de Emerxencias e Seguridade de Galicia,
- Ás condicións de servizo determinadas na encomenda de xestión e mantemento de dita Rede a Retegal, SA, asumindo todas as obrigas derivadas dela e con suxeición ao seu modelo de explotación e as súas condicións de execución.

**Segundo.- O equipamento que se prevé adquirir, e o uso previsto para a rede, é o seguinte:**

<b>Terminais dos que a Xunta cederá o uso á entidade local</b>			
<b>Tipo de terminal*</b>	<b>Nº de terminais</b>	<b>Custe Anual (ive engadido)</b>	<b>Custe Total anual (ive engadido)</b>
<b>Terminal fixo</b>			
<b>Terminal portátil</b>	<b>1</b>	<b>388,14 €</b>	<b>388,14 €</b>
<b>Terminal móbil</b>			
<b>Posto de despacho con xestión de flotas e grupos dinámicos</b>			
<b>Posto de despacho con xestión de flotas e grupos dinámicos e acceso a aplicacións avanzadas da rede (xeolocalización, gravación de chamadas, TEDS, etc)</b>			
<b>TOTAL</b>			<b>388,14 €</b>

\* A instalación dos terminais será por conta da entidade local

<b>Usos previstos e datos de contacto</b>	
<b>Contacto técnico (nome, cargo, teléfono e mail). Contactarse coa persoa indicada, unha vez aprobada a adhesión da entidade, para definir en profundidade as cuestións técnicas precisas.</b>	
<b>Contacto administrativo (nome, cargo, teléfono e mail)</b>	
<b>Relación de Organismos que se conectarán á rede (policia, bombeiros, Protección Civil, etc)</b>	<b>Protección Civil, Policía Local</b>
<b>Data de entrada na rede solicitada</b>	<b>Marzo 2016</b>
<b>Necesidade de funcionalidades avanzadas de rede (xeolocalización, grabación de chamadas,etc): Indicar Si/Non</b>	<b>NON</b>
<b>Poboación da entidade local (últimos datos INE publicados)</b>	<b>13.385</b>

**Terceiro.- Asumir as seguintes obrigas:**

- . Custes de instalación
- . Uso dilixente do equipamento achegado pola Xunta de Galicia, destinándoo ao uso debido

**Cuarto.- A aceptación das tarifas que en cada momento estean vixentes no órgano encargado da xestión e mantemento da Rede Dixital de Emerxencias e Seguridade de Galicia.**

**O importe das ditas tarifas abonarase mensualmente por parte do organismo e será proporcional ao número de terminais e aos servizos que se utilicen. O abono farase directamente a Retegal SA, en virtude do disposto na Resolución do 19 de xaneiro de 2015, pola que se encomenda á Sociedade Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, SA, a xestión e mantemento da Rede Dixital de Emerxencias e Seguridade de Galicia, previa facturación por parte de Retegal SA a razón de 32,345 € mensuais.**

**Sen prexuízo do disposto anteriormente, a facturación por parte de Retegal SA á entidade local correspondente responderá a servizos efectivamente prestados.**

**En caso de incumprimento da obriga de pagamento das tarifas reseñadas, o importe adebedado detraerase das transferencias que reciba o concello procedentes da Xunta de Galicia, a través do procedemento que legalmente proceda.**

**Quinto.- A adhesión terá unha vixencia de 10 anos dende a súa sinatura, prorrogable salvo denuncia expresa dalgunha das partes formulada con tres meses de antelación ao remate da súa vixencia.**

**Son causas de resolución anticipada o incumprimento dalgunha das súas cláusulas, o mutuo acordo das entidades asinantes e as restantes causas xerais establecidas pola lexislación vixente, así como a denuncia dunha das partes formulada cun preaviso á outra con 3 MESES de antelación, manténdose os acordos sobre as actividades ou proxectos que poidan estar en marcha.**

**En caso de resolución anticipada derivada do incumprimento dalgunha das súas cláusulas por parte da entidade local ou por vontade unilateral desta, o concello deberá abonar á Xunta de Galicia a cantidade que resulte da táboa seguinte en concepto de penalización por resolución anticipada en atención aos terminais efectivamente proporcionados pola Xunta de Galicia á dita entidade local.**

**Sexto.- No caso de que a entidade local decida resolver o presente acordo de forma unilateral de xeito previo á finalización da súa vixencia, ou reduza o número de terminais empregados en máis dun 30 % respecto do ano previo, asumirá as seguintes penalizacións:**

**- por cada terminal que se reduza: 5 % da cota anual do terminal por cada ano que reste para a finalización do acordo.**

**Neste caso, os terminais deberán ser devoltos a AMTEGA nun estado de conservación correcto. Noutro caso, a entidade local deberá asumir a reparación / substitución do mesmo.**

**As anteriores penalizacións non resultarán de aplicación cando a causa da resolución unilateral sexa o incremento en máis dun 3% do importe das tarifas con respecto ás vixentes no momento da efectividade da adhesión.**

**Sétimo.- As condicións de adhesión previstas no presente acordo deberán adaptarse, no seu caso, ao que se estableza no desenvolvemento regulamentario previsto na disposición adicional segunda da Lei 3/2013, de 20 de maio, de impulso e ordenación das infraestruturas de telecomunicacións de Galicia. En caso de desacordo coas novas condicións que, de ser o caso, se establezan, a entidade local asinante poderá resolver Unilateralmente o presente acordo sen penalizacións mediante denuncia formulada cun preaviso de 3 MESES de antelación, manténdose os acordos sobre as actividades ou proxectos que poidan estar en marcha**

**Oitavo.- A entidade local consente expresamente a inclusión dos datos relevantes deste acordo nos rexistros públicos que proceda, de conformidade co establecido nos puntos 3 e 4 do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de Xuño, de transparencia e boas prácticas na**

**Administración Pública e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.**

**Noveno.- A subscrición do presente acordo non implicará relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre o persoal da entidade local e a Amtega e Retegal S.A., de tal modo que non se lle poderá esixir ningunha responsabilidade, nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria, polos actos ou feitos ocorridos durante a execución das actuacións e/ou a vixencia do presente acordo.**

**Décimo.- O presente acordo ten natureza administrativa, e como tal excluído do ámbito de aplicación do Texto refundido da Lei de contratos do sector público (artigo 4.1.d) do TRLCSP), se ben se observarán os seus principios para a resolución das dúbidas e lagoas que se puidesen presentar.**

**Rexerese polas súas propias cláusulas e supletoriamente, polas normas xerais do dereito administrativo.**

**A Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia ostenta a prerrogativa de interpretalo, e resolver tódalas dúbidas que xurdan na súa execución, de acordo co réxime xurídico legalmente aplicable.**

**Cláusula de Seguridade da información e protección de datos**

**A entidade local será a responsable do ficheiro dos datos persoais xerados no servizo.**

**Conforme ao establecido no artigo 12 da Lei Orgánica 15/1999, de Protección de Datos de Carácter Persoal (en diante LOPD), e no Real Decreto 1720/2007 (en diante, RLOPD), a Amtega como Encargada do tratamento, comprométese a:**

**Empregar os datos de carácter persoal exclusivamente para cumprir coa prestación do servizo, polo que non os empregará para fin distinto, nin os comunicará, nin sequera para a súa conservación, a outras persoas, salvo autorización expresa do Responsable do ficheiro.**

**Custodiar ditos datos adoptando as correspondentes medidas de seguridade, de acordo coa Lei Orgánica 15/1999 de Protección de Datos e a súa normativa de desenvolvemento (en concreto, artigos 89 a 114 do RLOPD). A tal fin, o Responsable do ficheiro deberá informar do nivel de seguridade que lle corresponde aos datos.**

**A Amtega deberá observar en todo momento, e en relación cos ficheiros de datos de carácter persoal aos que teña acceso con motivo da prestación de servizos acordada, o deber de confidencialidade e segredo profesional, de conformidade co disposto no artigo 10 da LOPD. Dito deber subsistirá aínda despois de finalizar a prestación do servizo.**

**O Responsable do ficheiro autoriza á Amtega a encomenda de todos os servizos á Sociedade Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, S.A. (en diante, Retegal). Así mesmo, o Responsable de Ficheiro autoriza que Retegal subcontrate calquera aspecto do servizo que fose preciso, sempre que se dea cumprimento ao establecido no artigo 21 RLOPD.**

**Unha vez finalizada a prestación de servizos, o Encargado de tratamento ou entidade subcontratada destruirá ou devolverá ao Responsable do ficheiro, segundo se indique, os documentos ou soportes con datos de carácter persoal obxecto do tratamento.**

**Por outra banda, o Responsable do ficheiro comprométese a cumprir cos principios e medidas de seguridade establecidos na normativa vixente. En particular comprométese a informar aos seus usuarios do sinalado no artigo 5 da LOPD, no seu caso, da existencia dun sistema de gravación de voz, de xeolocalización e de escoita ambiente coa finalidade de garantir a seguridade dos traballadores así como proceder ao posterior análise da xestión da emerxencia.**

**Así mesmo, no caso que proceda, o responsable do ficheiro deberá ter declarados ante a AEPD os ficheiros correspondentes a este servizo.**

**Santiago de Compostela,**

**Sinatura.**

**9. Previa ratificación da súa inclusión na orde do día, aprobación, se procede, da declaración institucional con motivo do 40º aniversario da proclamación da RASD**

Logo de ratificar a súa inclusión na orde do día coa unanimidade dos concelleiros presentes, a secretaria dá lectura á declaración institucional:

“DECLARACIÓN INSTITUCIONAL CON MOTIVO DO 40º ANIVERSARIO DA PLOCLAMACIÓN DA RASD

Hoxe, 27 de febreiro de 2016 cúmprese o 40º da proclamación da República Árabe Saharaui Democrática e o Concello de Fene quere sumarse a este acontecemento histórico e demostrar un ano máis o seu firme compromiso co Pobo Saharaui.

As choivas torrenciais caídas en outubro de 2015 nos campamentos de poboación refuxiada saharai afectaron a máis de 90.000 persoas, 25.000 dos cales perderon os seus fogares e quedáronse sen alimentos, segundo denunciou a Axencia das Nacións Unidas para os Refuxiados (ACNUR).

Diversas investigacións levadas a cabo polo Intituto Hgoa da UPV-EHU e a Sociedade de Ciencias Aranzadi, co apoio de Euskal Fundoa, aportaron novas probas sobre desaparicións forzosas e bombardeos á poboación civil saharai a mans do goberno de Marrocos. Ademais, estas investigacións están sendo útiles na investigación da querella por xenocidio contra o Pobo Saharaui e nas demandas de verdade, xustiza e reparación.

Por todo iso, o Concello de Fene manifesta o seguinte:

1. Reafirma o seu recoñecemento ao lexítimo goberno da RASD e o Frente POLISARIO e manifesta, unha vez máis, o dereito de autodeterminación que legalmente asiste ao Pobo Saharaui. Así mesmo pídelles ao Goberno de España que lle dea o estatus diplomático á Representación do Frente POLISARIO en España, único e lexítimo representante do Pobo Saharaui, recoñecido así pola ONU.
2. Insta ao Goberno de España e á comunidade internacional a que promovan todas as iniciativas políticas que sexan necesarias para lograr unha solución xusta e definitiva, mediante a celebración dun referendo, conforme ás resolucións de Nacións Unidas.
3. Insta ás autoridades marroquís a que cesen as persecucións contra os e as activistas saharais de dereitos humanos, a que liberen aos presos políticos saharais e esclarezan o destino de máis de 400 persoas saharais desaparecidas.
4. Insta ao Estado Español a que asuma a súa responsabilidade histórica e traballe activamente dentro da Unión Europea a aproveite a súa presenza en el Consello de Seguridade de Nacións Unidas para que a MINURSO vexa ampliado o seu mandato á vixilancia dos dereitos humanos no Sáhara Occidental.
5. Reafírmase no seu compromiso de traballar tanto nos campamentos de poboación refuxiada en Tinduf (Arxelia), como nos territorios ilegalmente ocupados por Marrocos como mostra do apoio maioritario da sociedade fenesa á lexítima loita do Pobo Saharaui pola súa liberdade.
6. Agradece sinceramente a colaboración desinteresada e a xenerosidade dos cidadáns e as cidadás fenesas que fan posibles proxectos de cooperación co Pobo Saharaui, tales como a Caravana pola Paz, Vacacións en Paz, etc.”

**Sometido o asunto a votación foi aprobado pola unanimidade dos concelleiros.**

Á vista do resultado da votación, o Pleno acorda:



- 1. Reafirma o seu recoñecemento ao lexítimo goberno da RASD e o Frente POLISARIO e manifesta, unha vez máis, o dereito de autodeterminación que legalmente asiste ao Pobo Saharai. Así mesmo pídelle ao Goberno de España que lle dea o estatus diplomático á Representación do Frente POLISARIO en España, único e lexítimo representante do Pobo Saharai, recoñecido así pola ONU.**
- 2. Insta ao Goberno de España e á comunidade internacional a que promovan todas as iniciativas políticas que sexan necesarias para lograr unha solución xusta e definitiva, mediante a celebración dun referendo, conforme ás resolucións de Nacións Unidas.**
- 3. Insta ás autoridades marroquís a que cesen as persecucións contra os e as activistas saharauis de dereitos humanos, a que liberen aos presos políticos saharauis e esclarezan o destino de máis de 400 persoas saharauis desaparecidas.**
- 4. Insta ao Estado Español a que asuma a súa responsabilidade histórica e traballe activamente dentro da Unión Europea a aproveite a súa presenza en el Consello de Seguridade de Nacións Unidas para que a MINURSO vexa ampliado o seu mandato á vixilancia dos dereitos humanos no Sáhara Occidental.**
- 5. Reafírmase no seu compromiso de traballar tanto nos campamentos de poboación refuxiada en Tinduf (Arxelia), como nos territorios ilegalmente ocupados por Marrocos como mostra do apoio maioritario da sociedade fenesa á lexítima loita do Pobo Saharai pola súa liberdade.**
- 6. Agradece sinceramente a colaboración desinteresada e a xenerosidade dos cidadáns e as cidadás fenesas que fan posibles proxectos de cooperación co Pobo Saharai, tales como a Caravana pola Paz, Vacacións en Paz, etc.**

**10. Previa ratificación da súa inclusión na orde do día, aprobación, se procede, da moción de demanda de subrogación dos traballadores do mantemento dos estaleiros da ría de Ferrol da UTE Electrorayma-Tecman**

Logo de ratificar a súa inclusión na orde do día coa unanimidade dos concelleiros presentes, a secretaria dá lectura á moción conxunta:

“MOCION CONXUNTA DE APOIO AO COMITÉ DE EMPRESA DE ELECTRORAYMA

O 19.02.2016 o presidente do Comité de Empresa de Electrorayma presentou unha moción de apoio para ser debatida e aprobada no Pleno municipal que di:

“O Comité de empresa de Electrorayma quere amosar a súa inquietude ante a situación xerada con os 65 compañeiros que a día de hoxe desenrolan as tarefas de mantemento nos estaleiros de Navantia-Ría de Ferrol.

O vindeiro 29 de Febreiro finalizará a concesión do mantemento nos estaleiros da Ría de Ferrol á UTE Electrorayma-Tecman, continuando con esta concesión unha nova UTE.

Esta situación afecta a 65 compañeiros que levan desenrolando ás tarefas de mantemento nos últimos 15 anos con unha profesionalidade demostrada e con contratos, todos, indefinidos e que agora ven perigar os seus postos de traballo e, incluso, a viabilidade da empresa na que traballan.

Queremos denunciar a forma de contratación de unha licitación, que ven imposta desde Madrid, que apenas valora a capacidade técnica e humana das empresas da comarca, fiando o resultado final a unha simple cuestión económica, desprezando o valor engadido que aporta un cadro de persoal formado ao longo dos últimos 15 anos, e obviando os custos, tanto económicos como e a nivel de seguridade, que ocasiona a eventualidade en este tipo de servizos.

Denunciamos o agravio comparativo, que ao noso entender, sufrimos con respecto aos compañeiros que realizan as mesmas funcións de mantemento en outras plantas de Navantia, como é a Baía de Cádiz, que si que se encontran subrogados. Entendemos que existe unha penalización cara os traballadores da

Comarca de Ferrolterra e as súas empresas.

Queremos denunciar tamén a colonización que se da tras a adxudicación deste tipo de contratos a empresas multinacionais que teñen os seus intereses económicos fora da nosa comarca, e que veñen unicamente a lucrarse e non a asentarse, destruindo o xa minguado tecido industrial local.

Exisimos ó Pleno do concello, apoiar a nosa demanda para a subrogación de todos os traballadores do mantemento nos estaleiros da Ría de Ferrol e trasladar este pronunciamento a Dirección de Navantia na Ría de Ferrol, para que faga cumprimento de esa demanda e garanta a igualdade de dereitos con os compañeiros do mantemento na Baía de Cádiz.

Dada a urxencia, os traballadores solicitamos que os grupos políticos fagan pública a súa postura sobre a nosa petición antes do pleno."

É polo que propoñémoslle ao Pleno que acorde:

1. Apoiar a demanda do Comité de Empresa de Electrorayma para a subrogación de todos os traballadores da UTE Electrorayma-Tecman que desenvolven o mantemento nos estaleiros da Ría de Ferrol.
2. Esixir que se garanta a igualdade dos dereitos dos traballadores da UTE Electrorayma-Tecman respecto dos compañeiros do mantemento da Baía de Cádiz que xa foron subrogados.
3. Comunicarlle este acordo á Dirección de Navantia na Ría de Ferrol.

Fene, 29 de febreiro de 2015

Grupo municipal do BNG  
Juventino José Trigo Rey

Grupo municipal Socialista  
Antón Lois Noceda Carballo

Grupo municipal Somos Fene  
Xoán Manuel Rodríguez Bastida

Grupo municipal do PP  
Gumersindo Pedro Galego Feal

Grupo Mixto municipal  
María Carmen Martínez Rodríguez"

Abre o debate o voceiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Pedro Galego Feal, que di que o seu grupo vai aprobar a moción porque así se comprometeron nunha reunión cos traballadores pero a moción en si mesma non obedece á realidade porque os traballadores de Tecman se retiraron do conflito.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal Socialista, Antón Lois Noceda Carballo, que di que coincide co dito de que a situación actual non é a mesma que a que derivou deste Pleno pero o seu partido votará a favor porque si que o fondo da solicitude se mantén e parécelle que o que defenden os traballadores é un principio básico a defender, que é a continuidade e estabilidade dos postos de traballo e que o mellor que lle pode pasar ao estaleiro é manter a experiencia dos traballadores que levan anos atendendo á factoría. Aínda que a forma estea algo desfasada no tempo o fondo segue sendo o mesmo.

Seguidamente fai uso da palabra a voceira do grupo municipal do BNG, Alejandra Permuy Meizoso, que di que está de acordo co dito polos outros voceiros. O BNG dá o seu apoio ao sector naval, a Navantia e as súas auxiliares e como sempre votarán a favor da moción porque pensan que a subrogación debía existir e estes traballadores non debían estar nesta situación.

**Sometido o asunto a votación foi aprobado pola unanimidade dos concelleiros.**

Á vista do resultado da votación, o Pleno acorda:

1. **Apoiar a demanda do Comité de Empresa de Electrorayma para a subrogación de todos os traballadores da UTE Electrorayma-Tecman que desenvolven o mantemento nos estaleiros da Ría de Ferrol.**
2. **Esixir que se garanta a igualdade dos dereitos dos traballadores da UTE Electrorayma-Tecman respecto dos compañeiros do mantemento da Baía de Cádiz que xa foron subrogados.**
3. **Comunicarlle este acordo á Dirección de Navantia na Ría de Ferrol.**

#### **11. Mocións urxentes**

**11.1 Previa ratificación da súa inclusión na orde do día, aprobación, se procede, da declaración institucional da Corporación do Concello de Fene no Día Internacional da Muller 2016**

En primeiro lugar fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Pedro Galego Feal, que anuncia que o seu grupo vai votar a favor da inclusión pero di que lle chegou un correo electrónico coa declaración ás 15.00 h, foi solicitar a declaración ás 17.00 h e di que isto non é proceder, pensa que durante o seu goberno as declaracións se consensuaban na Comisión e logo se levaban ao Pleno, por iso di que se lles debía ter achegado a declaración institucional antes, por se lle quixeran engadir algo, dado que ás 17.00 h xa non hai nada que engadir.

A continuación fai uso da palabra o concelleiro delegado de Benestar Social e Igualdade, Joaquín Julián Ayala Garrido, que pide desculpas por non levar a declaración á Comisión, inda que pediu desculpas na propia Comisión. Di que ao tempo de enviarlles un correo a todos os concelleiros sobre as 15.00 h, envioulles unha mensaxe de texto lembrándolles este correo. Quixera saber se o ano pasado a declaración institucional se levou á Comisión ou se foi presentada no Pleno a última hora.

Contéstalle o voceiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Pedro Galego Feal, que sexa como fose o borrador pasábase antes do día do Pleno.

O concelleiro delegado de Benestar Social e Igualdade, Joaquín Julián Ayala Garrido, dille que leu a acta do 2015 e consta unha intervención na que di que a declaración se acababa de presentar tamén e que agarda que nos sucesivos anos leve o procedemento que debía levar.

A continuación fai uso da palabra a voceira do grupo mixto municipal, María Carmen Martínez Rodríguez, que di que leva catro anos como concelleira e non lembra que a declaración se levase á Comisión; normalmente se consensuaban media hora ou unha hora antes do Pleno. En calquera caso, o que lle preocupa da declaración é que sexa a eterna declaración que se saca por estas datas, papel mollado que se trae aos plenos para aprobalas e logo quedan en nada. É certo que a declaración ten un punto moi significativo, dados os tempos actuais, que é o segundo punto, no que entende que se debía facer fincapé, rogando que se traballe na liña de que os colexios participen en romper os estereotipos sexistas que relegan á muller a un papel secundario na sociedade.

Logo de ratificar a súa inclusión na orde do día coa unanimidade dos concelleiros presentes, a secretaria dá lectura á declaración institucional:

**“DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DA CORPORACIÓN DO CONCELLO DE FENE NO DÍA INTERNACIONAL DA MULLER 2016**

Para atopar os antecedentes da loita da muller pola igualdade de dereitos teríamos que buscar nas orixes dos tempos, mais se buscamos unha época máis próxima e significativa para a historia da loita da muller por conseguir a igualdade atopámonos coa Revolución francesa (1789), que marca historicamente o inicio da Idade Contemporánea ao sentar as bases da democracia moderna, abrindo novos horizontes políticos baseados no principio da soberanía popular. É a partir desta igualdade social e é cando se producen as primeiras peticións formais de dereitos políticos e cidadanía par a muller. Será neste momento histórico, en 1791, cando se redacte a Declaración dos dereitos da Muller e da Cidadá que será uns dos primeiros documentos históricos que propón a emancipación feminina: a igualdade de dereitos e o sufraxio feminino.

Terán que pasar máis de 100 anos para se propoña unha data de conmemoración do Día Internacional da Muller, concretamente no ano 1910 durante a II Conferencia Internacional de Mulleres Socialistas celebrada na cidade de Copenhague (Dinamarca). Á conferencia asistían máis de 100 mulleres procedentes de 17 países co obxectivo común de promover a igualdade de dereitos, incluíndo o do sufraxio para as mulleres. Foi pois, nesa Conferencia Internacional, cando se probou por unanimidade das presentes establecer un Día Internacional da Muller (sen fixar unha data concreta) a proposta de Clara Zetkin (profesora alemana e gran loitadora polos dereitos da muller) sería ao ano seguinte, en 1911, cando catro estados: Alemania, Austria, Dinamarca e Suíza, celebran por primeira vez o 19 de marzo, o día Internacional da Muller.

En tempos máis próximos, en 1945, se asina a Carta das Nacións Unidas, sendo esta o primeiro acordo internacional que afirma o principio de igualdade entre homes e muller. As Nacións Unidas comezaron a conmemorar do Día Internacional da Muller un 8 de marzo de 1975 e dous anos máis tarde, en 1977, a Asemblea Xeral adoptou unha resolución proclamando un Día das Nacións Unidas para os Dereitos da Muller e a Paz Internacional.

Dende hai 5 anos, en concreto desde 2011, Nacións Unidas comezou a poñer consignas dedicatorias ás xornadas do Día Internacional da Muller, en concreto a consigna deste 2016 é "Por un Planeta 50-50 en 2030: Deamos o paso para a igualdade de xénero"

A corporación de Fene o 8 de marzo de 2016 conmemora a loita pola igualdade efectiva e real das mulleres, conmemora unha data non só importante para as mulleres senón para toda a humanidade xa que esta data significa o recoñecemento de que a igualdade é, ademais dun dereito fundamental, un acto de xustiza e é necesaria para o desenvolvemento dos pobos.

A corporación de Fene ten o convencemento de que a igualdade se consegue desde as institucións e as decisións dos poderes públicos, a través de leis que impulsen e favorezan o desenvolvemento das mulleres e a igualdade de oportunidades.

Así mesmo somos conscientes de que a través dunha igualdade real conseguiremos unha sociedade má xusta e mais equilibrada e que isto se consegue redoblando os esforzos nunha educación en valores que potencie a solidariedade, a tolerancia, o respecto e por suposto a igualdade de oportunidades, creando así unha sociedade na que o esforzo e o traballo e non o xénero ao que se pertence, permitan facer realidade as expectativas persoais e laborais.

Consideramos que é preciso artellar unha rede de políticas sociais máis acorde coa realidade social das mulleres na nosa sociedade e deseñar un novo catálogo de políticas públicas que xeneren máis benestar social e mái emprego que reduzan o desequilibrio entre homes e mulleres.

Por todo o exposto, o pleno do concello de Fene adopta os seguintes acordos:

- 1.- Avanzar no noso concello no desenvolvemento, desde todos os ámbitos posibles, de accións que favorezan e consoliden a igualdade de oportunidades e os dereitos das mulleres.
- 2.- Traballar especialmente desde os primeiros anos das ciranzas por romper os estereotipos sexistas que relegan á muller a un papel secundario na sociedade.
- 3.- Comprometerse a loitar por erradicar a violencia de xénero. Destinando unha partida orzamentaria para accións directas.
- 4.- Prestar unha especial atención á nenas en situación de maior vulnerabilidade.
- 5.- Instar e apoiar á comunidade educativa do noso concello para que traballen con máis fincapé na igualdade real dos sexos, dando especial tratamento á educación en valores.
- 6.- Reivindicar os dereitos económicos das mulleres e loitar porque a pobreza deixe de ter faciana de muller.

Fene a 3 de marzo de 2016."

**Sometido o asunto a votación foi aprobado pola unanimidade dos concelleiros.**

Á vista do resultado da votación, o Pleno acorda:

- 1.- Avanzar no noso concello no desenvolvemento, desde todos os ámbitos posibles, de accións que favorezan e consoliden a igualdade de oportunidades e os dereitos das mulleres.**
- 2.- Traballar especialmente desde os primeiros anos das ciranzas por romper os estereotipos sexistas que relegan á muller a un papel secundario na sociedade.**

**3.- Comprometerse a loitar por erradicar a violencia de xénero. Destinando unha partida orzamentaria para accións directas.**

**4.- Prestar unha especial atención á nenas en situación de maior vulnerabilidade.**

**5.- Instar e apoiar á comunidade educativa do noso concello para que traballen con máis fincapé na igualdade real dos sexos, dando especial tratamento á educación en valores.**

**6.- Reivindicar os dereitos económicos das mulleres e loitar porque a pobreza deixe de ter faciana de muller.**

## **12. Rogos e preguntas**

A continuación o voceiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Pedro Galego Feal, fai os seguintes rogos e preguntas:

- Observou que no tema de Vilar do Colo e nas presuntas actividades ilegais de dúas empresas as contradicións seguen a ser moi graves. Fóra das informacións que saen na prensa, que non coinciden coa realidade, dende a Alcaldía informouse que se fixeron os trámites oportunos, que se tramitaron os correspondentes expedientes e que agora as actividades xa estaban legais. O concelleiro de Urbanismo contradí esa versión porque di que se procedeu ao precinto dunha das actividades e que coa outra se chegou a un acordo e que pechou voluntariamente. Pregunta por que hai unha deferenza con uns e con outros non. Logo de ver os expedientes, observou que na actividade que se procedeu ao precinto remata o expediente coa orde do precinto, pero saben que se procedeu ao desprecintado polo que repite que esa orde de desprecinto non consta no expediente, así como tampouco constan que esas dúas actividades, hoxe en día, contan coa súa correspondente licenza. Por iso pide que se aclaren estas cuestións.

Contéstalle o concelleiro de Urbanismo, Justo Martínez Ardá, que tratará de explicar como foron as cousas dende un principio para deixalo claro. Había dúas actividades que comezaron xa no 2014 a realizar actividades e cando chegan ao goberno danse conta que realizan as súas actividades dun xeito que non se corresponde cos usos do polígono Vilar do Colo segundo a ordenanza que o regulamenta. Nese momento, solicitouse un informe á Policía Local e, segundo este, enviáuselles unha notificación ás dúas actividades, aínda que na Comisión ao mellor dixeran que se falara con elas. Unha vez recibida a notificación, unha actividade non fixo caso e seguiu facendo a súa actividade e outra veu polo Concello para comunicar que a actividade quedaba cancelada e que non había que precintar. Polo tanto, como había unha actividade que seguía exercendo, antes do cambio da ordenanza, procedeuse ao precinto. No momento que cambiou a ordenanza entenderon que non é necesario facer un novo informe e, logo de consultalo co alcalde, quen lle dixo que fixera o que considerase oportuno, considerou que aprobada a ordenanza, procedía quitar o precinto da actividade. Di que as dúas actividades presentaron a documentación para dar de alta as súas actividades; i que por un erro se retrasou a entrada en vixencia da ordenanza un mes, foi aprobada en decembro e logo dos festivos, vacacións e permisos, as actividades solicitaronlle poder comezar a actividade sen ter aínda os permisos, ao que dende a concellería de Urbanismo se lles contestou que podían comezar, sen prexuízo de que se existe algunha deficiencia no informe teñan que modificala ou se existe algunha deficiencia nas obras as teñan que corrixir.

O voceiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Pedro Galego Feal, pregúntalle se a día de hoxe teñen licenza. O concelleiro de Urbanismo contéstalle que a día de hoxe non teñen licencia, que aínda se están revisando os expedientes.

O voceiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Pedro Galego Feal, di que no expediente igual que consta o precintado, tamén terá que constar o desprecintado, pois non se pode levantar un precinto dunha autoridade así polas boas. O concelleiro de Urbanismo, Justo Martínez Ardá, contéstalle que unha vez aprobada a ordenanza considerou que non facía falla ese informe.

A concelleira do grupo municipal do PP, Rocío Aurora Bértoa Puente, pregúntalle se non existe un informe da Policía Local do desprecintado. O concelleiro de Urbanismo, Justo Martínez Ardá, contéstalle que non.

- Houbo algunha xestión dende o último Pleno respecto da nave de Fondomar con Portos de Galicia?
- Avanzouse algo coa expropiación da estrada do Ramo para que posteriormente a Xunta de Galicia proceda ao seu acondicionamento e logo facer a correspondente senda peonil nova que se está a facer no Carril.

Contéstalle o alcalde as dúas preguntas anteriores dicíndolle que pensa que terán citas concertadas nos vindeiros 30 días, tanto con Portos de Galicia como coa Consellería. Pensa que pode ter as ditas reunións pechadas, logo de que recadasen toda a información que facía falla.

- Observa que se seguen cambiando empresas de Fene por outras empresas da comarca. Xa o dixo nos Plenos pasados respecto dos subministros que se mercan noutras ferraxerías de fóra de Fene, cando o goberno sempre dixo que tratarían de facer todo o gasto en empresas de Fene. Tamén ten coñecemento de que se están reparando os vehículos nun taller que non é de Fene. Por iso quere saber se isto é así ou non?

Contéstalle o concelleiro delegado de Obras e Servizos, Antón Lois Noceda Carballo, que os vehículos municipais non industriais se teñen levado a talleres do concello e de fóra do concello e se fala dos industriais se levan a talleres de fóra porque no concello apenas hai reparacións que se poidan facer. Hai un provedor novo co que se está traballando moi pouco, ao que se levou unha furgoneta, a un taller de Cabanas, que non é tan lonxe. Di que el sempre dixo que se comprometía a mercar no concello e a súa bisbarra para que o goberno municipal tamén colaborase en crear sinerxias que fortalezan o seu tecido comercial e industrial. Por iso se se mira o volume da facturación ben se pode comprobar que en sete meses levouse unha furgoneta a este taller, cousa que non lle parece suficiente para traer este asunto ao Pleno.

En canto ás ferraxerías, di que, quitando que algunha cousa pequena que non se atope en Fene se puidera ter mercado a algún provedor novo, dato que non lle pode dicir, do resto se segue a traballar cos provedores habituais do Concello. É certo que puido observar que algún provedor, que xa era do Concello antes do seu goberno, como é a Ferretería Sar de Ares, se incrementaron notablemente os pedidos durante esta temporada. Se se mira o tipo de pedidos, comparando coa súa xestión, di que o Sr. Galego debe saber que o que se mercaba na Ferretería Sar era material de equipamentos para baños e durante o seu mandato se deixou de mercar aquí e pasouse a mercar na Ferretería Luis Calvo de San Sadurniño, do irmán do anterior presidente da Deputación. Non é que se lle quitaran pedidos a esta ferraxería, é que pechou, polo que houbo que ir a outro provedor e o anterior provedor era Ferretería Sar. Respecto dos prezos entre ambas ferraxerías, dille que eles saberán cales eran e por que se cambiou de provedor daquela, pero hoxe non quere entrar niso. Se a pregunta en realidade é por que a algunha ferretería do Concello lle baixan os pedidos respecto do facturado anteriormente co goberno do PP, lle dará algúns exemplos de por que se deixou de mercar nunha ferretería e pasouse a mercar noutra, tamén do concello: nalgúns orzamentos di que a ferretería Comasa deu prezos de 51,05 fronte 96,60 euros da ferretería Cartelle ou respecto do Pino roxo, Comasa presupostou 23,95 fronte a Cartelle 34,95 euros. Con todo, dille que non é o seu obxectivo deixarlle de mercar a ningún negocio de Fene e pensa seguir mercando nestes dous negocios os produtos que ofrezan a prezos competitivos. Por todo iso, dille ao voceiro do grupo do PP que a información que manexa é incompleta, inexacta e non se buscan provedores novos, o que si se fai é mirar os prezos.

- Están no mes de marzo e non hai orzamentos, seguramente que polas tensións dos tres grupos de goberno que non permiten facer este documento. Non obstante, rógalle ao alcalde, que é o concelleiro de Facenda, que lles informen deste tema porque informan máis outros concelleiros nos xornais sobre orzamentos e facturas pendentes de pagamento que o propio alcalde, semella que saben máis estes que o propio concelleiro de Facenda.

Contéstalle o alcalde que non é moi dado a saír nos xornais como fan outras persoas, sobre todo da oposición concretamente, ao mellor é máis discreto. Dille respecto dos orzamentos que non hai tensión entre os grupos do goberno para facer o orzamento, trátase máis de problemas técnicos e de recollida de información que eviten ter que facer modificacións despois, xa que pensan en ter todos os datos das obras que se van facer xa concretados para incorporalas aos orzamentos. Isto tamén axudarlle á oposición para ver con máis claridade cales son as obras que se van executar.

- Esta semana entrou no rexistro o proxecto da área recreativa de San Valentín no que se inclúe o famoso parque para os cans. Se é unha iniciativa do goberno está ben que vaian á prensa antes de

ter o proxecto e anunciálo, pero o certo é que o proxecto entrou esta semana. Di que todo isto o saben pola prensa porque nas comisións non se lles informou de nada, entre outras cousas porque quen tiña que informar disto non acudiu á comisión. Por iso di que non estaría de máis que neste Pleno se dera conta do proxecto, xa que é un proxecto moi discutido na prensa, nas sociedades e na propia veciñanza. Respecto deste tema di que as Xuntas de Goberno Local e as Xuntas de Delegados son dous órganos de coordinación e é incomprendible que igual que non sabía a oposición deste proxecto, tampouco o sabían, ou cando menos non estaban a favor un dos grupos do goberno, porque sacou unha nota ao respecto nos xornais. Non sabe se falla coordinación ou se cada grupo dos que forman o goberno van polo seu lado. O certo é que a xestión deste proxecto, que aínda non veu, é esperpéntica.

Contéstalle o alcalde que hai unha demanda dos veciños e da parroquia de San Valentín do ano 2008 ou 2009 pola famosa área recreativa, de feito xa nese sitio houbo no seu día uns banquiños e unhas mesas. O que se pretende é recuperar esa área porque é unha demanda dos propios veciños de San Valentín. O proxecto xa entrou, aínda que xa contaban cunha memoria e uns planos cando se falou deste asunto, polo importe do proxecto vaise facer en dúas partes en función da dispoñibilidade de cartos ou subvencións que supoñen que van ter ata o día 18 que rematan unha serie de prazos que xa coñecen. Trátase dunha área recreativa e non un parque para cans como se dixo. Estase preparando este proxecto que ascende a case 125.000 euros, farase en dúas fases e en breve terán toda a información a disposición de todos.

- Semella que hai previsto un plan de mellora da seguridade vial en Marqués de Figueroa, na comisión díxose que hai unha memoria e descoñece se sobre dela se vai encargar o proxecto, pero quere saber de onde sae o financiamento?. Di que non ten coñecemento de nada disto, están na mesma e o escurantismo que hai aquí é total, que o goberno desprece á oposición case que é normal e están acostumados, pero o caso é que a eles tamén lles pregunta a xente pola rúa e ten que responder que non saben nada porque o goberno non lles informa.

Contéstalle a concelleira de Persoal, Seguridade, Formación e Emprego, Alejandra Permuy Meizoso, que informou na Comisión que había un informe da Policía, o dito informe foi revisado polo goberno e estiveron moi de acordo en todo o que se quería e é necesario facer, así que se remitiu á Xunta de Galicia. Tivo unha reunión co capataz, pero aínda non houbo contestación da Xunta de Galicia e tan pronto como contesten se lles informará na comisión, segundo o que xa dixo naquela.

- Como se van compensar as horas que fixeron os traballadores de Cultura na carreira San Silvestre? Quere saber se se van compensar con horas libres ou co pagamento de horas extraordinarias?

Contéstalle a concelleira de Persoal, Seguridade, Formación e Emprego, Alejandra Permuy Meizoso, que xa se dixo na comisión que se ía compensar tempo por tempo.

- Se lles dixo que se ía realizar un encontro de artesáns, sacáronse os carteis antes da comisión na que non se informou de nada do encontro. Vese como sempre falla de información e colaboración o que resulta un escurantismo total.

Contéstalle o concelleiro delegado de Xuventude e Promoción económica, César Daniel Castro García, que a derradeira comisión foi o 22.02.2016 e o evento é o 30.04.2016 e aínda queda unha comisión no medio. Di que na derradeira comisión aínda non tiña rematada toda a programación e podería dicir que se estaba traballando nisto igual que traballan en moitas cousas, pero non hai ningunha información con suficiente detalle como para ofrecela o 22.02.2016. Di que aínda quedan mais de dous meses. Na vindeira comisión informaráselles polo miúdo disto.

- Ten coñecemento de que hai algún veciño que quere acceder a datos do arquivo, datos gráficos e de documentación que non afectan nin están protexidos pola Lei de protección de datos e que lle está sendo un auténtico suplicio o acceso a eses datos. Di que hai catro meses que fixeron a solicitude e que de momento nada se lle contestou.

Contéstalle a concelleira de Persoal, Seguridade, Formación e Emprego, Alejandra Permuy Meizoso, que esa persoa quere algo que non se pode facer, quere sentarse e revisar documentos, datos e outras cousas, non obstante non saben aínda ata onde se pode deixar, o que se está a estudar, pois quere quedar no Concello, utilizar o ordenador do arquivo o cal deixaría ao traballador municipal que

utiliza ese ordenador sen poder traballar, o que é un despropósito. Estase estudando e se se pode deixar algún tipo de documentación, non haberá problema en facelo, tendo en conta sempre a protección de datos.

O voceiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Pedro Galego Feal, di que iso xa o dixo el. Que fóra dese tema se hai algunha persoa, igual que se fose un investigador, e hai determinada información, determinados reportaxes gráficos que non afectan á protección de datos; no seu día gastáronse uns cartos na dixitalización deses fondos precisamente para non ter que ir aos papeis e se non se pode e hai algún problema, débese tratar de buscar as vías de acceso.

A concelleira de Persoal contéstalle que o goberno non se opón a deixarlle a documentación, pero hai que ver como se pode facer porque non poden acceder do xeito que queren, iso seguro.

- Presentouse no rexistro o 17.02.2016 con destino a Promoción Económica unha memoria para mellorar o alumado en San Valentín na zona do pavillón. Na comisión da semana pasada preguntouse por isto e se lle contestou que non había nada, que non se tiña nada e que non se solicitara nada ao respecto. Que se vai facer?

Contéstalle o concelleiro delegado de Obras e Servizos, Antón Lois Noceda Carballo, que o encargo non foi de Promoción Económica senón que foi da Concellería de Obras e Servizos en atención á petición do CPS San Valentín en canto ao alumado dunha zona. Dispoñíase dun proxecto da reposición do alumado de toda a área de San Valentín, pero era un orzamento bastante elevado, polo que se optou por pedirlle á enxeñería que fixera unha separata dese proxecto para a zona na que había máis queixas, diante do pavillón polideportivo municipal.

- Presentouse no rexistro de entrada unha solicitude dun particular que se interesaba por instalar un posto no mercadiño de Perlío. Aínda que debería, o mercadiño de Perlío non ten nada que ver co concello, pero á vista desta solicitude quere saber se se está facendo algo respecto deste mercadiño para reorganizar esta actividade

Contéstalle o concelleiro delegado de Xuventude e Promoción económica, César Daniel Castro García, que lles chegou unha demanda de información que se lle achegou á asociación de veciños. Non obstant,e estase valorando a necesidade de facer unha ordenanza de feiras e mercados, pero aínda non hai ningunha decisión tomada.

- Presentouse a solicitude da Confraría de Pescadores para o pagamento dun autobús para asistir a unha manifestación en Santiago de Compostela polo tema do cerco e da acuicultura. Pagouse esa factura? a canto ascende o seu importe?. Di que a Lei que provocou esa manifestación estaba retirada e a manifestación non tiña sentido ningún.

Contéstalle o alcalde que efectivamente a Confraría fixo unha solicitude para o pagamento deste gasto e aínda non se lle contestou. En principio o goberno municipal é partidario de facer ese pagamento, pero de momento aínda non se pasou a factura nin se fixo nada. Son partidarios porque en Fene, e en concreto á Confraría, afectáballe dun xeito grave aos seus traballadores.

- Cal é o contido da resolución do Valedor do Pobo respecto da crise da auga?

- O día que veu o deputado de Obras ao concello tratáronse unha serie de asuntos con el, dise que se van facer as beirarrúas de Barallobre ata o cemiterio, un aparcadoiro para os autobuses no instituto de Barallobre e que tamén se ía facer unha senda peonil dende a igrexa de Magalofes ata o local social. Estas serían actuacións da Deputación pero quere saber se o Concello está facendo algo no senso de acadar os terreos ou vai ser a propia deputación a que proceda á expropiación deses terreos. Di que non se lles informou de nada disto.

Contéstalle o concelleiro delegado de Obras e Servizos, Antón Lois Noceda Carballo, que é certo que se viña avisando a visita e se avisou con moita precipitación e a opción era pospoñer o día para avisar a todos con tempo ou aceptar a visita no momento, optaron por esta decisión porque había moitos temas urxentes. Respecto do aparcamento de autobuses do instituto de Barallobre di que non se puido concretar co deputado de Obras da Deputación porque excedía da súa competencia, de feito, logo da Xunta de Voceiros o goberno acordou darlle traslado ao presidente da Deputación e foi onde obtiveron o compromiso de que o proxecto sería financiado pola Deputación e executado polo Concello. Ata o momento o Concello tiña elaborada unha memoria valorada e feitos os estudos



respecto dos terreos para esta fin. Súbose o luns e así se comunicou aos medios, por entender que era un tema reivindicado por boa parte da poboación, polo que, tan axiña como houbo unha boa nova, a publicaron. Respecto das sendas peonís o compromiso do deputado de Obras foi incluílas no Plan de sendas peonís da Deputación, na medida na que o concello sexa capaz de xestionar os terreos que son necesarios, incluso lles presentaron distintos xeitos de execución e aínda están negociando coa Deputación que tipo de senda peonil se vai realizar en cada un dos tramos para logo comezar a negociar os terreos cos propietarios de cada unhas das parroquias nas que hai pensado intervir. Difícilmente se pode acordar nada ao respecto sen saber se a actuación será de dous ou tres metros. En todo caso, este é un tema que quedará solucionado este mes e se comezará a traballar para acadar a dispoñibilidade de terreos, non obstante, anuncia que xa se falou con algunha sociedade e algunha xa lle manifestou que xa tiñan algo falado cos veciños e que con case toda seguridade non haberá problema en acadar as cesións con rapidez. Espera que estes contactos previos das parroquias cos veciños, o que entronca co desexo do goberno de facer unha xestión participada respecto das obras municipais, se traduza en que no momento que se teña definido o tipo de actuación se poida comezar a negociar as expropiacións.

- No último Pleno fixo unha pregunta que semella que non gustou, como a resposta non foi a axeitada o seu grupo foise do Pleno. Por tanto repetirá aquela pregunta como un rogo. Hoxe acaban de aprobar dous expedientes de imposición de penalidades a Viaqua, empresa que leva moitos anos de relación con este concello, pero sen entrar noutras cuestións pensa que se pode afirmar que non é moi colaboradora, xa que non hai máis que ver todo o que sucedeu coa depuradora de Maniños, logo de ter que pasar por varios contenciosos e demais. Roga que se lles informe na Comisión correspondente da obra que se fixo no Ameneiral, que segundo a información dos xornais se dicía que o Concello ía chegar 8000 euros para repoñer o firme das gabias que abriu Viaqua para restablecer o subministro ou arranxar unha avaría. Repite que ten coñecemento de que as obras de reparación lle corresponden a Viaqua e as obras de reposición, nova tubaría e nova canalización correspóndelle ao concello. Por iso roga que se informe na Comisión por que se gastaron eses 8000 euros e como se fixo esa obra, se se contratou ou non, se se fixo un contrato verbal ou de que tipo, porque non hai expediente, non hai informe de intervención ou secretaría, non hai nada. Quere que se lles dea a dita información cumpridamente na vindeira Comisión.

Contéstalle o concelleiro delegado de Obras e Servizos, Antón Lois Noceda Carballo, que prefire contestarlle no Pleno, xa que é certo que deixaron a pregunta no aire no anterior Pleno segundo as circunstancias que se deron daquela, que levaba a pregunta preparada para a Comisión pero non lle preguntaron nada ao respecto. Como vostede dixo no Pleno, non nos xornais no que se dixo que as reparacións eran do Concello, as reparacións correspóndenlle a Viaqua, pero a reposición de acometida nova correspóndelle ao Concello. Nesa rúa levábase unha semana de roturas diarias por iso se pensou en renovar todo o vial e acabar co drama dos veciños que levaban unha semana case sen auga. Neste momento falouse coa concesionaria, é certo que con ela hai moitos litixios e incluso diferenzas económicas importantes, pero neste caso ofrecéronlle que estaban dispostos a renovar toda a conducción da auga se o concello asumía a reposición do firme. Parecelle un acordo razoable, consultaron verbalmente coa secretaría e coa unidade técnica municipal e nos dous casos lles informaron que quen tiña a responsabilidade de intervir, se se trataba da reposición nova da acometida da auga, era o concello e a partir disto entenderon que a oferta que lle fixo a empresa era beneficiosa. O orzamento que vostede manexa volve ser inexacta ou imprecisa, 8000 e pico de euros era a valoración da empresa Viaqua de toda a obra, que ademais apareceu ben recollido nos medios de comunicación ao falar do custe completo da obra, pero a reposición de viais era de 1285,20 euros para a reposición do formigón e 1596,70 euros para a reposición das beirarrúas. Infórmalle que se pediron outras ofertas e o custe das reposicións será de 1100,00 euros máis IVE, contratación que xa está feita cunha empresa de Fene e que consta de folia de retención de gasto en tramitación para que poidan comezar as obras de inmediato, tan axiña como mellore o tempo. Dille que non ten ningún problema en contestarlle persoalmente ou por teléfono a calquera pregunta que lle queira facer e aforrará dicir cousas, nos medios de comunicación ou no Pleno, que se parecen pouco á realidade. Tamén é certo que se estivese máis no Concello tamén tería ocasión de sabelas ou preguntalas.

- Reitera a falla de organización do concello. O outro día un membro desta corporación pretendeu dar conta nunha Comisión de algo que non lle correspondía á Comisión na que estaba. Segundo o criterio do seu grupo o presidente non lle deixou dar conta porque non era a Comisión na que tiña que dar conta deses asuntos. En cambio, quen si tiña que dar conta, que era a concelleira de Cultura, non deu conta de nada porque non forma parte da devandita Comisión. Isto as veces chega ao absurdo,

o goberno actual leva oito meses e pensa que hai que organizar as cousas doutro xeito, primeiro porque queren que se lles dea conta dos asuntos. Di que é esperpéntico. Roga máis organización e máis información.

Contéstalle a concelleira delegada de Cultura e Ensino, Amalia García Balado, que quere esclarecer que asiste á comisión de Cultura en calidade de invitada e como tal non informa agás que lle pidan algunha explicación. A pesar de que non informe na Comisión procura deixar información, en cantidade suficiente, no expediente.

- Coñeceu pola prensa e polas redes sociais que se fixeron os actos en conmemoración do día de Rosalía de Castro e ao seu grupo non se lle invitou a nada. Foi igual que o acto da recepción dos nenos do día do entroido. Toda a vida cursouse invitación a todos os concelleiros dos actos que ían producirse para asistir a eles. Hai casos nos que non avisan dos actos e outras nas que avisan, pero como se non o quixeran facer, porque cando veu o deputado provincial a el chegoulle unha mensaxe as 22.00 h do día anterior que dicía que ao día seguinte as 10.30 viña ese señor visitar o concello e iso non son formas. O outro día tamén, cando estaba no concello, o alcalde díxolle as 12.45 h que se ía recibir aos traballadores de Tecman e Electrorayma ás 13.00 h. Di que hai que traballar cun pouco máis de rigor.

Contéstalle o alcalde que os actos de Rosalía de Castro, se se dese a circunstancia de que non chegaran as invitacións, pide desculpas e, se houbo algún erro, corrixírase. Respecto dos traballadores de ElectroRayma, di que a Alcaldía soubo que ían vir ás 13.00 h o mesmo día as 10.00 h, co cal mal podían avisar moito antes, de feito avisaron ás 10.00 h de que ían ir e se lles dixo que esperaran porque aínda non estaban todos avisados.

- Reitera o rogo respecto do camiño de Lubián. Di que non pide que se repare o camiño de Lubián enteiro, iso custa moitos cartos e como lle dixo a moitos veciños alí instalouse a rede de sumidoiros e a estrada xa repisou e agora podíase pensar no aglomerado, pero saben que é un camiño bastante custoso. No obstante, hai unha zona baixando, antes de chegar á marquesiña do autobús, na que nace a auga, naceu toda a vida e o seu goberno xa pensara en facer unha actuación naquel tramo, levantar todo, drenar e volver asfaltar, porque aquilo está desfeito, é perigoso e é un camiño bastante transitado.

Contéstalle o concelleiro delegado de Obras, o Sr. Noceda Carballo, que é un asunto que lle preocupa ao goberno, pero tecnicamente lle recomentan non intervir só nese tramo, senón que habería que intervir cando menos en todo o tramo máis urbanizado, onde hai máis casas e aproveitar para arranxar as gabias que afectan ás cementacións dos muros dos veciños. Xa trataron de incluír esta intervención no plan de camiños do medio rural, pero o importe da obra era superior ao posible. Non obstante anuncia que está encargado a redacción do proxecto desta actuación e tratarán de incorporalo ao primeiro plan de investimento que teñan dispoñible, porque pensan que é unha obra prioritaria.

- Pensa que o semáforo de Limodre segue sen arranxo. A bionda que hai na entrada do polígono Vilar do Colo segue sen arranxo. Estas dúas actuacións son de hai tempo e de certo perigo.

- En relación co tema anterior da moción do pobo saharai, ignora cando entrou no rexistro, pero a de Electrorayma se puido levar á Comisión, sabe que houbo unha reunión e que quedaron en votar unha moción sen coñecer o seu contido.

- Hai informacións que aparecen polas redes que din que o partido Popular deixou 400000 euros en facturas. Se isto é así tráíanas ao Pleno, pois será un extraxudicial que hai que pagar. Pero non ve ben que se diga iso sinxelamente como unha acusación que se bota ao aire, hai que completala un pouco, porque cando o PSOE e BNG saíron do bipartito lles deixaron a eles 900000 euros sen nada en caixa, cando agora, o arqueo da caixa que se leu o día da constitución do Pleno é de 2400000 euros e 1300000 euros de remanente de tesourería, que se pode destinar ao pagamento de facturas pendentes. O que si tiña claro é o montante dalgunha factura e así o asumen, sabendo que o maior montante desas facturas procede dos aglomerados que a oposición daquela non quixo aprobar no Pleno, aqueles 600000 euros de aglomerados rústicos e urbanos; polo tanto, non son 400000 euros que voaron, son cartos invertidos nos veciños.

Contéstalle o alcalde que axiña viran as facturas nun expediente extraxudicial e as poderán comprobar.

- Respecto dos camións, di que son os mesmos camións que xa tiñan vostedes e que tiveron eles. Evidentemente púidose renovar a flota, que é moi caro. Di que non deu conseguido unha subvención na Deputación que lembra que pasaban cada un de 220000 euros. Non obstante o seu goberno nunca tivo problemas co servizo porque desde este concello se chamaba sempre ao señor Barcia, alcalde do BNG de Mugardos, que lles deixaba o seu camiión igual que el tiña á súa disposición o lavacolectores de Fene. Igual que agora se estragan os camiións, antes tamén o facían e aí están as cifras das facturas dos arranxos dos camiións do seu goberno e as de agora. Por tanto, se están obsoletos e se estragan, hainos que arranxar, non queda máis remedio. No goberno anterior, lembra que se adquiriu unha varredora, un coche para Servizos, un coche para Medio Ambiente, un coche para Protección Civil e dous cortacéspedes.

Contéstalle o concelleiro delegado de Obras e Servizos, Antón Lois Noceda Carballo, que non sabe a que camiións se refire cando fala de mercar un camiión de máis de 220000 euros. Di que o goberno ten mirado varios, vailles levar tempo e ten pensado que o Concello non merque o camiión máis barato, senón que merque o camiión coas características máis axeitadas. Dille que ten mirado varios provedores e marcas como Mercedes, MAN, Scania, DAF e os prezos dos camiións rondan os 85000,00 euros e en ningún dos casos nin coas mellores das configuracións ascenden a 220000 euros. É certo que o goberno do PP recibiu os camiións, un con dez anos e outro con sete, pero hoxe teñen dez e catorce e xa tiñan que ter sido cambiados. Calquera dos técnicos ou das empresas que consultaron calculan a vida útil entre os oito e dez anos e o seu goberno debía ter intentado cambialos.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Pedro Galego Feal, que di que non fixo esta pregunta, por iso intervén para retirar todos os rogos que fixo neste Pleno.

Prosegue a dicirlle ao alcalde, por alusións, á vista de anteriores comentarios, que é a enésima vez que o concelleiro delegado de Obras e Servizos, Antón Lois Noceda Carballo, lle di que non vén polo Concello cando o que non vén polo Concello é el, que outra cousa é que non coincidan. Di que ao mellor para comprobalo hai que implantar horarios e pregunta se o concelleiro Antón Lois Noceda Carballo ten dedicación exclusiva ou se está no seu posto de traballo, porque el tamén está no seu posto de traballo, non ten dedicación exclusiva e está no Concello máis que el.

De seguido intervén o alcalde que di que lle gustaría non entrar neste debate, pensa que todo o mundo sabe como está o tema e non é certo o que está dicindo, pero pensa que non é preciso este debate agora.

A continuación fai uso da palabra o concelleiro delegado de Obras e Servizos, Antón Lois Noceda Carballo, que por alusións di que o voceiro do grupo municipal do PP fixo unha alusión directa sobre a súa persoa que é absolutamente falsa e pídelle que retire que el non vén polo Concello.

O voceiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Pedro Galego Feal, dille que dixo que non coincidían.

O concelleiro delegado de Obras e Servizos, Antón Lois Noceda Carballo, dille que vén todas as semanas.

O voceiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Pedro Galego Feal, di que esta semana el veu todos os días.

A continuación intervén o alcalde para dicir que este non é o debate e ademais non teñen moito sentido determinados comportamentos.

A continuación a voceira do grupo mixto municipal, María Carmen Martínez Rodríguez, fai os seguintes rogos e preguntas:

- Como está exactamente o expediente do campo de fútbol de Maniños?

Contéstalle o concelleiro delegado de Obras e Servizos, Antón Lois Noceda Carballo, que estes días se están iniciando os traballos para o procedemento de contratación que contemple con rigorosidade as calidades e características técnicas do proxecto para que a licitación teña as maiores garantías de boa execución para o Concello. As previsións dos servizos técnicos municipais para o caso do procedemento máis longo pode ser de tres meses polo que as previsións do goberno seguen manténdose en poder iniciar as obras en canto remate a temporada e se leven a cabo nos meses de menor actividade deportiva.

- Como está o tema da paga extra pendente de pagarlles aos traballadores? pagóuseltes ou aínda se lles adebeda?

Contéstalle a concelleira de Persoal, Seguridade, Formación e Emprego, Alejandra Permuy Meizoso, que esta semana houbo unha Mesa de Negociación na que se dixo que se pagaría durante o primeiro semestre do ano.

- Como está o tema das lavadeiras? Díxose que se tiña solicitada unha subvención e non sabe como está o tema. Vaise facer ou vaise delegar na sociedade de Sillobre?

Contéstalle a concelleira delegada de Cultura e Ensino, Amalia García Balado, que se está a solicitar unha subvención nominativa, pero aínda está en trámites.

A Sra. Martínez Rodríguez, pregunta se o vai facer o Concello ou se vai dar unha subvención para que o faga a sociedade.

Contéstalle a concelleira delegada de Cultura e Ensino, Amalia García Balado, que no caso de que se lle conceda a subvención, farao a sociedade.

- Respecto da petición que lle achegaron ao alcalde para que Fene se sumase á petición o dí das letras galegas se dedicase a Carballo Calero, váiselle trasladar a dita información á oposición ou vaise falar disto?

Contéstalle o alcalde que hai uns días recibiu unha carta sobre isto pero o goberno aínda non tratou o tema. Ademais na carta tamén solicitaron unha reunión con el, pero aínda non se tratou.

- Roga que se arranxen na zona do Taboado un par de puntos de luz que non funcionan.

- Roga que se arranxe a focha que hai na Costa da Lagarteira que vai de lado a lado.

Contéstalle o concelleiro delegado de Obras e Servizos, Antón Lois Noceda Carballo, que estes días encargoulle aos servizos municipais que fixeran unha memoria de todas as zonas nas que hai fochas para proceder nos vindeiros días a arranxalas todas xuntas e non unha por unha. Dille que lle consta que esta fochanca consta nesa relación e tratará que se arranxe nos vindeiros días.

Ao non haber máis asuntos que tratar, a presidencia declara rematado o acto cando son as 19.30 h, de todo o que eu, como secretaria, dou fe.

O alcalde

A secretaria

Juventino José Trigo Rey

Estefanía Manteiga Lamas